



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO

LUGAR: Casa do Concello

DATA: 25 de setembro de 2014

HORA DE COMEZO: 20.30 horas

HORA DE REMATE: 22.30 horas

ASISTENTES:

Don Jesús Sanjuás Mera
Don Manuel Mouriño Varela
Don Jesús José Santasmarinas Devesa
Dona Raquel García Fraga
Don Antonio González Barral
Dona María Dolores García Couto
Dona Sonia Rodríguez Midón
Dona Adela Redondo Rendo
Don Jesús Neira Varela
Don Xabier Canabal Fernández
Don Perfecto Barcala Mosquera

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde don Jesús Sanjuás Mera, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno que foi convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DÍA

- 1.Aprobación da acta anterior**
- 2.Aprobación provisional do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Boqueixón**
- 3.Adhesión ó sistema de adquisición centralizada da Deputación Provincial da Coruña**
- 4.Arquivo expediente de reparo**
- 5.Informe sobre cumprimento prazos para pagos obrigas. Segundo trimestre**
- 6.Aprobación límite de gasto para 2015**

7.Aprobación convenio co SAUI-2 para o aprazamento do aboamento das derramas

8.Incremento IPC (0,10%) tarifas saneamento e abastecemento

9.Aprobación Conta Xeral 2013

10.Mocións número 1420 do PP; número 1304 e 1702 do Concelleiro non adscrito; número 1489 do PS de G.

11.Información da Alcaldía

12.Rogos e Preguntas

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Co voto a favor de todos os presentes apróbase a acta da sesión que tivo lugar o 9 de xullo de 2014.

2.Aprobación provisional do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Boqueixón

Dáse conta das modificacións introducidas no Plan Xeral para a súa aprobación provisional previa á remisión á Comunidade Autónoma para a aprobación definitiva.

O señor Canabal di que “Aproveitando que temos aquí ao responsable de redacción do PXOM, agradecería que nos fixera unha exposición do mesmo”.

Explica o contido o técnico redactor do plan, presente nesta sesión plenaria. Di o técnico que, en relación coa aprobación inicial os cambios producidos son unicamente para adaptalo á lexislación vixente, ós informes sectoriais e para recoller as alegacións presentadas e aceptadas.

Segue dicindo o técnico que, independentemente dos criterios que a Secretaría Xeral poida impoñer, o plan é perfectamente aprobable.

O motivo da tardanza (segue dicindo o técnico) foi a tardanza do informe de patrimonio que por cuarta ou quinta vez nos obrigaban a localizar as “Torres de Lestedo”, ademais de certos xacementos arqueolóxicos e catalogar os hórreos tradicionais.

O señor Canabal pregunta se a Secretaría Xeral pode modificalo ó que resposta o técnico que si.

Pregunta o señor Canabal si a Secretaría Xeral non modifica nada, si o plan quedaría aprobado sen máis.

Responde o técnico que o plan pode ser aprobado na súa totalidade, parcialmente ou non aprobado.

O señor Barcala pregunta canto tempo sole tardar.

Responde o técnico que a Xunta de Galicia ten un mes para requirir documentación e se isto ocorre, parálzase o prazo.

Se non solicita documentación o prazo para a aprobación é de tres meses.

Di o señor Canabal: “Ben, tal e como teño dito neste pleno, concretamente o 12 de decembro de 2012, cando se aprobou inicialmente o PXOM, amosámonos, con reservas, de acordo coa filosofía xeral do Plan, posto que temos que movernos dentro dun complexo marco lexislativo, mesmamente moi criticable en moitos dos seus puntos, mais que non deben ser obxecto de análise ou discusión neste pleno. É por iso que en liñas xerais, podo coincidir cos grandes trazos do PXOM que se expoñen na primeira parte da memoria.

Dicía tamén daquela, que ao meu ver, este era un Plan realista, que recolle as necesidades de Boqueixón, malia que durante a tramitación que comezaba aquel 12/12/2012, puideran pulirse multitude de defectos puntuais, presentar solucións concretas aos núcleos concretos e presentar as melloras que poidan respectar a normativa actual e recoller as necesidades específicas que os veciños de Boqueixón precisan e expoñan.

Incongruencias do PXOM.

Mais tamén falaba daquela dunha serie de incongruencias, incongruencias que tamén se detectan tendo en conta o Informe da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo do ano 2009 e que se adxunta na memoria deste PXOM. A Saber:

1.- Núcleos Rurais:

En canto aos Núcleos Rurais, hai un **importante incremento tanto de núcleos rurais como da súa expansión que non veñen debidamente xustificadas na memoria.**

Se atendemos a este documento de aprobación inicial, **refléctense 35 núcleos novos** con respecto ás normas subsidiarias de planeamento vixentes.

Se ben **nós defendemos o principio da ampliación das áreas rurais**, a memoria deste PXOM debera centrarse na xustificación desta ampliación, dun xeito individualizado, cousa que non fai, ou a fai moi deficientemente.

Temos que recordar, que a orde do 20/02/2006 que denegara a aprobación definitiva do PXOM de Boqueixón, empregaba como argumentos de denegación *“a expansión nos núcleos rurais, de xeito que en bastantes casos se amplían en relación co planeamento vixente, a collendo terreos que na actualidade están clasificados como solo rústico”*. Por outro lado tamén se dicía no citado informe que a expansión dos núcleos *“non segue os patróns propios do rural. Trátase máis ben de recoñecer amplas zonas con potencialidade edificatoria, abranguendo moitas veces terreos actualmente clasificados como solo rústico”*.

E tendo en conta o informe previo á aprobación inicial da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo dise textualmente:

“Neste senso, non se xustifica a delimitación de áreas de expansión sobre terreos libres de edificación en Núcleos nos que está a diminuír a poboación segundo a Memoria e a análise do modelo de asentamento do Plan, nomeadamente nos Núcleos de Maravexás, Orto, Ardesende, O Outeiro, Donas, Gastrar, Vilaboa, Ardilleiro Pequeno, Reboredo, Ledesma, A Baiuca, Noente, A Ponte, Vilar, Lestedo, Milleirós, A Picota, Rubial, Caneda, Loureda, A Moa, Outeiro (Loureda), O Casal, A Eirexe (Oural), Lubián, Miranda, Rebordaos, A Corna, Loureiro, Deseiro de Abaixo, Deseiro de Arriba, Frenza, A Fontebranca, Sucira-As Quenllas, O Covelo, Melón de Abaixo, Melón de Arriba, Rubio, e Santa Baia.

Doutra banda, as áreas de expansión dos núcleos rurais de Ardarís-Cachosenande, Agra-Amoa-Lamparte, Midón-Caneda, O Pumariño-A Torre, Deseiro de Arriba-Deseiro de Abaixo-A Gándara, Melón de Abaixo-Melón de Arriba e Piñeiro de Abaixo, delimitáanse dun modo que non é congruente co asentamento tradicional, pois a area de expansión chega a producir unha fusión entre núcleos e mesmo con solo urbano ou urbanizable, dando lugar a un continuo indiferenciado de ampla extensión e moi baixa densidade que non garda relación co asentamento tradicional.

Parellamente dise no informe que o plan non achega xustificación que fundamente a exclusión da clasificación como Solos Rústicos de Protección Agropecuaria e Forestal das areas de expansión dun bo lote de núcleos rurais.

É dicir, que **aínda estando de acordo co principio da ampliación de núcleos, parece que falta unha xustificación pormenorizada na memoria, que nos permita non ter problemas para a aprobación definitiva deste PXOM.** Por iso agradezo a explicación sobre este extremo.

Explica o técnico que o anterior documento fora redactado con anterioridade á lei 2010 e que coa lei 2010 prodúcese este cambio no senso de eliminar as áreas de expansión.

Os criterios que tivemos en conta (segue dicindo o técnico) foron as expectativas de crecemento e o mantemento das delimitacións existentes nas normas actuais.

Sen embargo a Xunta tende sempre ó crecemento seguro e a pensar que as necesidades de crecemento son inferiores ás que pensamos nos.

2. Subsanación de obras ilegalizables coas Normas Subsidiarias.

Tamén quero poñer énfase en canto á emenda de obras que serían ilegalizables coas normas subsidiarias, segue destacando no PXOM o **chan urbanizable da Susana, de uso industrial.**

Neste punto temos que destacar que son **os propios servizos da Dirección Xeral de Urbanismo os que teñen advertido que o PXOM non podía ser empregado para regularizar obras que son irregulares.**

Con independencia de que se poida facer, que a reforma se poida facer, dende o punto de vista político, é moi criticable a forma de actuar de certas persoas e empresas neste Concello.

Explica o técnico que o espírito da nova lei é regularizar todo o feito antes da súa entrada en vigor. Precisamente a disposición transitoria décimo terceira permite á regularización dos asentamentos xurdidos á marxe do planeamento urbanístico antes da entrada en vigor da Lei 9/2002.

3. Espazos Libres: Neste punto tamén fai incidencia o informe previo á aprobación inicial da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, e que tampouco se ten corrixido en relación ao documento de aprobación inicial.

Textualmente, di:

“O PXOM debe completar a xustificación do cumprimento do artigo 47.1 e 47.3 da LOUGA, no que se refire ás reservas de solo para o Sistema Xeral de Espazos Libres e Zonas Verdes de uso e dominio público, debido ás seguintes cuestións:

- O Espazo ZVX-2 en Ponte Ledesma, que constitúe cos seus 79.858 m² máis da metade da superficie do sistema xeral de espazos libres que prevé o PXOM, encóntrase afastado dos principais núcleos de poboación do concello e pola súa situación á beira do río Ulla e as súas características topográficas semella ocupar terreos alagables e en consecuencia, inadecuados para este uso.

- Os dous ámbitos de parque ZVX-1 en Lestedo (zonas verdes entre estradas) semellan non cumprir unha función propia dos sistemas xerais, pois pola súa forma e dimensión (nin sequera cumpren as dos xardíns do artigo 4 do Anexo do Regulamento de Planeamento Urbanístico) parecen dotacións locais, non podendo computarse aos efectos do artigo 47.1 da LOUG”.

Explica o técnico que el segue mantendo que si se pode. Que non hai precepto legal que o impida.

Di o concelleiro Xabier Canabal que en Lestedo non se debería computar e responde o técnico que non se está computando.

4.- En canto á clasificación do Solo Urbanizable.

O Informe da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, estipula que o PXOM debe emendar as previsións de capacidade residencial e clasificación de solo urbanizable, particularmente canto a:

- A estimación de produción futura de vivenda debe realizarse tendo en conta un período semellante ao prazo para o cal o PXOM establece a súa estratexia de actuación. Neste sentido, o apartado 3.1.3 das DOT refírese a un prazo de 12 anos.
- Existe un desfase entre a proxección poboacional que formula o PXOM e a estimación de produción de vivenda, resultando esta última moi superior á primeira (175 vivendas/ano para un incremento poboacional duns 60 habitantes/ano). Deste xeito, toda persoa que se empadroe en Boqueixón ten que comprometerse a construír tres vivendas, o cal parece curioso.
- Se ben se ten retirado os solos urbanizables do Forte (SF-01 e SF-02) segue a manterse os urbanizables residenciais en Lestedo, cando o informe sinala que estes terreos teñen características similares aos dos terreos lindeiros de protección agropecuaria e parte forestal.

Explica o técnico que esa previsión elimínouse coa aprobación do 2010.

Di o Sr. Canabal que tamén existe un desfase entre poboación e vivenda pois sae a tres vivendas por habitante.

Responde o técnico que hai 108 núcleos para delimitar polo que non é fácil cadrar o número.

5.- O SAL - 10

O PXOM reserva unha área xunto ao campo de fútbol de Camporrapado como de Uso Sanitario Asistencial Local, probablemente para a construción dun aparcadoiro que de servizo ao Tanatorio.

En reunións mantidas cos veciños de Camporrapado, estes cuestionaban tal obra e tal reserva e cuestionaban incluso a titularidade a favor do concello.

Neste sentido sería razoable que o concello acreditara a titularidade do terreo xunto coa súa correspondente anotación no Rexistro da Propiedade.

É un tema que parece polémico.

Pregunta o Sr. Canabal si se poden incluír dotacións locais en terreos non municipais.

Responde o técnico que posteriormente tería que procederse coa expropiación.

Di, así mesmo, o Sr. alcalde que esa parcela estás cedida ao concello, según un acordo plenario adoptado en 1998.

6.- Vivenda protexida.

O Plan Xeral non fai unha aposta decidida pola vivenda protexida tal e como se pode ver na memoria de dito plan. Para nós isto é un erro, e debería reservarse unha maior dotación de chan para vivenda protexida, e en todo caso, máis que o mínimo esixido pola lei, tal e como se dispón no presente PXOM.

2.9.1.- Análise da demanda de vivenda protexida

Segundo establece a Lei 8/2012 de 29 de xuño, de vivenda de Galicia, os plans xerais deberán facer reservas de solo en actuacións de nova urbanización suficientes para situar o 30% da edificabilidade prevista neses ámbitos.

Non obstante exceptiona deste cumprimento xenérico a determinados concellos en función da demanda potencial de vivenda protexida.

Procede polo tanto calcular a demanda potencial de vivenda protexida para o concello de Boqueixón, en función do disposto na disposición adicional novena da Lei 8/2012.

Os cálculos realízanse a data de 1 de setembro de 2014 sendo susceptibles de modificación no transcurso da tramitación do presente PXOM.

- IRT (inscritos como solicitantes de vivendas protexidas no rexistro único de demandantes): 1
- IPM (inscritos no padrón municipal de habitantes): 4.370
- PRTC (porcentaxe de reserva total do concello de solo para vivenda protexida):
 $(1 \times 10) / 4.370 \times 100 = 0,22 \%$

Esta porcentaxe non poderá ser inferior á porcentaxe media para o conxunto da Comunidade Autónoma. Na data referida no presente parágrafo o IRT para o conxunto de Galicia ascende a 25.187 solicitantes e o IPM a 2.747.559 habitantes, resultando un PRTC de 9,17%.

Esta cantidade, aplicada ós desenvolvementos residenciais previstos no concello de Boqueixón non poderá ser inferior a $1 \times 2 \times 100 = 200 \text{ m}^2$.

Tendo en conta as posibles variacións no rexistro de demandantes de vivenda protexida de Galicia óptase por considerar unha reserva de vivendas sometidas a algún réxime de protección do 10% para o concello de Boqueixón, superior ó 9,17%.

Con independencia de que incrementar a porcentaxe de vivenda protexida podería ser incrementar as cargas para o propietario, penso que máis que o prezo dos terreos, o concello debería pular por un aumento de vivenda a prezos regulados. Nunha situación de presión urbanística como hai anos, estas figuras serían tremendamente interesantes.

Explica o técnico que é o que marca a lei. Que hai un rexistro de demandantes na Xunta no cal figuran moi poucos. Segue dicindo que a vivenda protexida debería analizarse tendo en conta os prezos de mercado porque hai casos en que os prezos son similares. A reserva que saíu para Boqueixón é o 1%, o que pode parecer escaso pero iso é un tema político no que non debo entrar. O que si se debería ter en conta é a demanda.

O Sr. Canabal pregunta se iso quere dicir que ten que reservarse o 10% para vivenda protexida.

Responde o técnico que si pero que non quere dicir que sexa pública.

7.- O Núcleo Rural de Ramil.

Tráese a este epígrafe un caso concreto de Núcleo Rural, posto que a súa delimitación chama moito a atención, e como sospeitei dende un principio, non resposta a cuestións técnicas, senón a cuestións de carácter político. E aí o deixo de momento.

Quero recordarlle a todos os concelleiros desta corporación que no período de alegacións, se presentaron polo menos tres alegacións, unha de Manuel xxxxx (12/682 do 09/03/2012) outra de Ofelia M^a xxxxx (12/487 do 25/02/2012) e outra de Armando xxxxx (12/500 do 27/02/2012), da cal só a última foi informada favorablemente.

Nestas alegacións solicitaban a inclusión das tres fincas dentro do Núcleo Rural de Ramil e entre outras cuestións sinalábase que “as fincas estaban clasificadas dentro do núcleo rural de Ramil, nas NNSS de Planeamento do ano 1996”.

Por este motivo sempre sospeitei que a resolución das dúas primeiras alegacións foran por criterios que nada teñen que ver con principios técnicos. E isto confírmase claramente no documento. Deste xeito, e leo textualmente o que pon na memoria do PXOM en relación ao núcleo Rural de Ramil.

“Núcleo de Ramil: trátase dun conxunto de edificacións moitas delas de recente construción, amparadas na actual delimitación de núcleo rural do concello de Boqueixón.

No PXOM de Vedra estas edificacións están clasificadas como solo de núcleo rural e área de expansión. Atendendo á natureza das edificacións existentes no concello de Boqueixón, á existencia de servizos urbanísticos, á tipoloxía do asentamento, procede manter a clasificación prevista nas NN.SS. vixente. Esta clasificación estenderase ata o mesmo límite municipal, para conseguir certa continuidade co solo urbano do concello veciño.”

É dicir, por un lado redúcese o núcleo con respecto ás normas subsidiarias, xusto a estes dous veciños, e xustifícase no informe de alegacións, e contrariamente, na memoria dise, outra cousa.

Estase a tomar unha decisión claramente inxusta e non xustificada en criterios técnicos a sabendas. E isto é prevaricar. E por outro lado estase mentindo na memoria.

E por iso, como concelleiro, e de non corrixirse esta cuestión, véxome na obriga de por esta circunstancia nas mans da Administración de xustiza, posto que me parece unha tomadura de pelo.

Responde o técnico que está claro o motivo polo que se fixo, que foi precisamente para evitar a eses alegantes, que se lle incrementen os impostos e sen embargo non se lle poida conceder licenza, porque hai que ter en conta a compatibilidade do Plan de Boqueixón co Plan de Vedra. Neste caso trátase dunha finca que non ten acceso rodado en núcleo.

O Sr. Canabal di que se acompañaban as alegacións cun Plan das Normas Subsidiarias e que se omitiu.

8- Resolución das Alegacións presentadas.

En canto ás alegacións que tiña expostas ao PXOM, tiña pensado facer un repaso, mais voume decidir por non facer relación agora.

Conclusión.

Quixera para finalizar facer un par de referencias, que xustifican claramente o sentido do voto.

- En primeiro lugar, e pode ser que nisto si coincida co alcalde, penso que é hora de ter un Plan Xeral. 12 anos parece un tempo máis que suficiente para poder sacar un plan Xeral.
- En segundo lugar, queda tamén máis ou menos claro, que dende o equipo de goberno non lle importa en absoluto o noso senso do voto, posto que se así fora, terían actuado doutra maneira, e teríamos traballado toda a corporación máis sobre este documento.

Presentara no pleno da aprobación inicial **unha abstención crítica**, pois pese a que **compartiamos a filosofía xeral do Plan, viamos grandes e graves incongruencias no documento**. Faciamos tamén un chamamento a poder enriquecer o plan coas achegas dos veciños, cousa que parcialmente si se fixo. Outra cousa son os posicionamentos dos grupos políticos desta corporación, coa cal empregaron a máxima de “ao inimigo” nin auga. Dixen tamén no mesmo pleno de 12 de decembro de 2011, que o meu obxectivo era a de colaboración, aínda que esa colaboración non se plasmara ao longo de toda a tramitación deste PXOM.

Puidemos ter colaborado e analizado o PXOM ao longo destes dous anos, saber de parte do equipo redactor o porqué das opcións escollidas... traballar un pouco o documento, cousa que dende o Equipo de Goberno non interesou.

Por iso, tamén hoxe formulo unha abstención crítica ao PXOM.

Conclúe o Sr. Canabal agradecendo ao técnico as explicacións aínda que se vai abster na votación.

Pola súa parte, o Sr. Barcala di que o Plan Xeral chega tarde, que quizais existan demasiados núcleos urbanizables e que a xente vai ver os incrementos dos IBIS de pasar de rústico a urbano.

Segue dicindo o señor Barcala que: “Puiden observar que hai certos núcleos que son declarados non urbanizables pese a contar con servizos de saneamento, abastecemento, electricidade, comunicacións e vivendas próximas, mentres outros que carecen destes servizos o seu carón, son clasificados como urbanizables.

Entendo que en xeral a superficie urbanizable e moi extensa e iso vai con levar que o cambio de non urbanizable a urbanizable vai producir un incremento no valor catastral que se vai traducir nun aumento dos correspondentes recibos de contribución.

Houbo algúns veciños que fixeron alegacións para que se lle fixeran reducións na superficie urbanizable das súas fincas e non se lles aceptou.

Así mesmo, teño que manifestar que para min coma para moitos dos veciños de Boqueixón este PXOM chega moi tarde, probablemente con 10 anos de retraso, cando toda a xente moza de Boqueixón mercou ou construíu vivendas noutras concellos o non podelo facer aquí e por si todo este fose pouco coincidindo cunha crise económica moi forte que fai que a petición de construción de vivendas sexa moi pequena, case inexistente.

Responde o técnico, que a todos se lles explicou as consecuencias que ían ter e incluso que algún preguntou canto ían pagar.

Termina o Sr. Barcala reiterando que chega (o Plan) un pouco tarde, que moita xuventude xa se foi do municipio, e que se abstén neste punto.

Finalmente o Sr. alcalde felicita ao Estudo Técnico polo seu traballo e que espera e desexa ter o Plan Xeral de Ordenación Municipal definitivamente aprobado, en xaneiro 2015.

Sen mais procédese coa votación e por maioría absoluta do número legal dos membros da corporación , tendo en conta os seguintes

“Antecedentes :

1.Con data do 17/01/2008, o Concello de Boqueixón, comeza a tramitación do Plan Xeral de Ordenación Municipal (en adiante PXOM), coa solicitude e a iniciación do procedemento de avaliación ambiental estratéxica. Con data do 18/06/2008, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, remite o documento de referencia, para a avaliación ambiental estratéxica do PXOM de Boqueixón. Con este documento, comeza a elaboración do PXOM para o trámite da súa aprobación inicial.

2.Con data do 23/12/2008, o Concello de Boqueixón, solicita o INFORME PREVIO á Aprobación Inicial do PXOM, ante a Dirección Xeral de Urbanismo, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

3.Con data do 17/08/2009, a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, emite o informe previo á aprobación inicial do PXOM de Boqueixón.

4.Con data do 19/04/2010, no Pleno Extraordinario do Concello de Boqueixón, aprobouse inicialmente o PXOM.

5.Con data do 14/07/2010, no Pleno Ordinario do Concello de Boqueixón, acordouse o seguinte: *“Adaptar o plan xeral de ordenación municipal, aprobado inicialmente na sesión plenaria do 19/04/2010, á Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.*

6.Con data do 05/07/2011, o Concello de Boqueixón, en base á adaptación do PXOM á Lei 2/2010, solicita un novo documento de referencia, para o procedemento de avaliación ambiental estratéxica. Este novo documento, ten entrada no Concello de Boqueixón, con data do 16/09/2011.

7.Con data do 14/12/2011, en Sesión Plenaria do Concello de Boqueixón, adoptouse o seguinte acordo: **Aprobar inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal**, adaptado á Lei 2/2010, do 25 de marzo, de modificación da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

8.Con data do 11/07/2012, no Pleno Ordinario do Concello de Boqueixón, acordouse o seguinte: Aprobar o informe das alegacións presentadas, e a resolución pormenorizada destas; notificar ós interesados a resolución das alegacións presentadas durante o prazo de exposición pública; elaborar un documento refundido do PXOM, que incorpore as alegacións informadas, os informes sectoriais e de consultas recibidos, elaborar unha proposta de memoria ambiental, cos efectos do artigo 85.4 da Lei 2/2010, do 25 de marzo; e solicitar un novo informe sectorial ao Ministerio de Fomento – Dirección Xeral de Aviación Civil.

9. Con data do 09/04/2013 (con rexistro de entrada nº: 13/678), por Dona Carmen xxxxx, con DNI nºxxxxx, preséntase unha solicitude para que, con anterioridade á aprobación provisional do PXOM, se modifique o plano Nº.: 09.01, de ordenación dos núcleos rurais de Loureda (núcleo rural de Agra), no sentido de eliminar un tramo dun camiño, que se introduce na parcela catastral nº.: 000800400NH44F0000UQ, en base a unha **certificación catastral descritiva e gráfica**, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, no que se observa que o dito camiño non existe.

10. Con data do 16 de xullo de 2014, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, con referencia ao punto 9 anterior, emite un informe técnico, e que literalmente di:

A Técnica que asina, D^a. María Carmen Novoa Sío, arquitecta da empresa Estudio Técnico Gallego, S.A., encargada da asistencia técnica e urbanística do Concello de Boqueixón (A Coruña); cumprindo coa providencia da Alcaldía, en relación coa solicitude presentada por D^a Carmen xxxxx, emite o seguinte INFORME TÉCNICO:

1. *Con data do 7 de marzo de 2012 e rexistro de entrada nº 12/632, D. Jesús xxxxx (en representación dos herdeiros de D. Ramón xxxxx), presentou unha alegación ó Documento de Aprobación Inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Boqueixón (en adiante PXOM). En dita alegación solicitábase a incorporación á cartografía oficial dun tramo de camiño, localizado no núcleo de Agra, parroquia de Loureda, así como a rectificación na aliñación correspondente.*

Dita alegación foi informada favorablemente, polo que no documento refundido coas alegacións e informes sectoriais, realizado con data de xullo de 2012, aparecía reflectido o camiño solicitado, e corrixida a aliñación.

2. *Con data do 9 de abril de 2013 e rexistro de entrada nº 13/678, D^a Carmen xxxxx presentou un escrito no que se informa de que a Xerencia Rexional do Catastro acordou practicar unha modificación na descrición catastral da parcela 5004 do polígono 502, pola que o camiño obxecto da alegación deixa de constar con tal; xunto co que se achega copia da Resolución, e certificación catastral descritiva e gráfica. En dito escrito solicítase a modificación da cartografía oficial do PXOM, atendendo á modificación catastral efectuada.*

3. *Atendendo á solicitude realizada por D^a Carmen xxxxx, e á vista da documentación achegada, procede modificar a documentación do PXOM do seguinte xeito:*

- *Documento de aprobación provisional do PXOM, de maneira que quede reflectida a resolución da Xerencia Rexional do Catastro.*

- *Que figure como desfavorable a alegación presentada por D. Jesús xxxxx*

Infórmase, ós efectos oportunos

Boqueixón, 16 de xullo de 2014

11. Con data de setembro de 2014, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emite o informe técnico, previo á aprobación provisional do PXOM, no que se indica que, á vista do contido documental e da calidade técnica da ordenación proxectada no Documento para Aprobación Provisional, presentado en soporte papel e dixital, a técnica que asina considera que a súa calidade técnica, é a axeitada para continuar coa tramitación do PXOM, e se proceda á aprobación provisional do mesmo.

12. Con data do 18 de setembro de 2014, emítase o informe xurídico, relativo á aprobación provisional do PXOM.

Vistos os antecedentes expostos, e tendo en conta que, con posterioridade á aprobación plenaria, de data do 11/07/2012 (na que se informou favorablemente a alegación nº 12/632, presentada por don Jesús xxxxx, con data do 07/03/2012), o técnico informa favorablemente a alegación presentada por dona Carmen xxxxx (con data do 09/04/2013, e rexistro nº 13/678), e desfavorablemente, a presentada por Jesús xxxxx Couto, así como que a Sra. Carmen xxxxx, acredita a non existencia do camiño, mediante certificación catastral descritiva e gráfica, e que, nin no inventario de bens municipal, nin nas actuais normas subsidiarias municipais de planeamento se recolle o citado camiño en cuestión,

ACÓRDASE:

1º.- Admitir o informe do técnico municipal, de data 16 de xullo de 2014, no que se informa favorablemente a alegación presentada por dona Carmen xxxxx, con data 9/04/2013 (rexistro 13/678), e se informa desfavorablemente, a alegación presentada o día 7 de marzo de 2012, por don Jesús xxxxx (rexistro 12/632), e que foi aprobada no pleno do día 11 de xullo de 2012, nese momento, co informe favorable do técnico redactor do PXOM.

2º.- Consecuentemente, acéptase a alegación presentada o día 16 de xullo de 2013, por dona Carmen xxxxx, e non se inclúe o camiño no núcleo de Agra – Loureda, e rexeitase a alegación núm. 12/632, presentada o día 7 de marzo de 2012, por don Jesús xxxxx.

3º.- Aprobar provisionalmente o contido do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Boqueixón, en base ao disposto no artigo 85.7 da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e remitilo, xunto co expediente completo debidamente dilixenciado, ó órgano autonómico competente para a súa aprobación definitiva.

4º.- Notificar este acordo a dona Carmen xxxxx e a don Jesús xxxxx, para o coñecemento do acordado, e con relación ás respectivas alegacións. “

Neste intre abandona o salón de Plenos o técnico redactor do Plan Xeral do Concello de Boqueixón.

3.Adhesión ó sistema de adquisición centralizada da Deputación Provincial da Coruña

Dáse conta da aprobación pola Deputación Provincial da Coruña dunha Central de Contratación co fin de dar servizo ás entidades locais da provincia.

A continuación o señor Canabal di o seguinte: “Teño manifestado neste Pleno o meu parecer sobre as Deputacións Provinciais, institucións escuras, e que respostaron a unha concepción caciquil da Administración Estatal decimonónica, onde o cacique (agora o presidente da deputación provincial) formaba parte da oligarquía local (é dicir, da provincia) é o encargado de someter ao pobo con restricións económicas e sociais, co último fin de afianzar as súas redes de compromiso co goberno central.

Facendo outra referencia ao Caciquismo e ás Deputacións, o propio Castelao dicía que “*o caciquismo galego deixará de existir cando se lexisle para Galiza e os labregos se sintan amparados pola Lei, sen medo á Xustiza*”.

Exemplos de caciquismo e nepotismo temos abondosos dentro das institucións provinciais Galegas, e bastante recentes. Non fai falla que os nomee.

Por iso, sobra dicir que a lei de racionalización da administración local, no canto de ter reforzado estes entes, se realmente pretende a racionalización, ben podería ter aproveitado para quitarlle competencias, camiño da súa desaparición.

Por iso, que de raíz, non vexo necesidade de que sexa a propia Deputación a que faga, ou monte outro chiringuito como pode ser unha central de compras. É máis, que unha Deputación xustifique o sistema de adquisición centralizada alegando á transparencia, tal e como se realiza no borrador do contrato, é, se non fora porque nos afecta a todos, cando menos, cómico.

E se nos centramos na Central de Compras estritamente, no contrato dise que “Esta adhesión non supón a obriga de efectuar todas as contratacións ou servizos a través da Central de Contratación da Deputación Provincial.” Sería pois voluntario e non tería maior problema.

Porén no seguinte parágrafo dise “*Non obstante a adhesión individualizada aos distintos acordos marco, contratos e outras licitacións polos concellos, si terá carácter obrigacional, non podendo, en consecuencia efectuar contratacións relativas ao obxecto dos citados Acordos Marco ou contratos á marxe destes*”. É dicir, que unha vez que piques, estás obrigado, aínda que non sexa a oferta economicamente “máis vantaxosa”.

Non vexo nada claro pois os efectos positivos de adherirse a esta Central de Compras. Non sei tampouco en que bens e servizos se está a pensar, e pode, tal e como expresei, ser incluso perigoso asinar un contrato con esta Central se despois quedamos obrigado con esta.

É dicir, podemos falar de economías de escala, máis estas non son garantía nin de mellor prezo, nin de mellor servizo. Si son, pola contra, unha garantía para que grandes corporacións poidan asinar contratos no “Antepalco do Santiago Bernabeu”, e manexar ao seu antollo as administracións provinciais, e por extensión, as locais.

É unha volta máis do reforzamento das Administracións Provinciais, do caciquismo, do manexo das grandes corporacións dos servizos públicos locais, e un baleirado paulatino da Administración Local.

Pido pois ao propio goberno municipal que nos explique que bens ou servizos públicos estaría disposto a contratar nesta Central.

E concluír que todo o que veña do desenvolvemento da lei de racionalización e das propias Deputacións Provinciais, chéirame moi mal”.

O señor Barcala di que todas as adquisicións, canto maior volume sempre resulta máis económico, polo que si se produce un aforro. Sen embargo o problema xurde cando os demais deciden por ti.

O señor Alcalde di que , alomenos, de momento, vamos adherirnos ó sistema.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor do PP, en contra do concelleiro non adscrito e a abstención do concelleiro do PS de G, e tendo en conta que:

PRIMEIRO: A Deputación Provincial da Coruña, por acordo plenario do 27 de xuño de 2014, aprobou a creación dunha Central de Contratación ao abeiro do establecido nos

artigos 203 e seguintes do Texto refundido da lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011 do 14 de novembro.

SEGUNDO: O Concello de Boqueixón está interesado/a na utilización da Central de Contratación creada pola Deputación Provincial da Coruña.

En consecuencia, tendo en conta o disposto no art. 205 do referido texto refundido

ACÓRDASE:

PRIMEIRO.- Adherirse á Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña

SEGUNDO.- Aprobar o convenio de adhesión que se transcribe a continuación do presente acordo.

TERCEIRO.- Remitir o presente acordo á Deputación Provincial da Coruña para os efectos oportunos

CUARTO.- Facultar ó alcalde D. Jesús Sanjuás Mera para que en nome e representación desta corporación formalice cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente acordo, así como para a adhesión aos distintos acordos marco, contratos e outras licitacións que a central de contratación da Deputación Provincial da Coruña saque a licitación e sexan de interese para este Concello de Boqueixón.

CONVENIO DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN AO SISTEMA DE ADQUISICIÓN CENTRALIZADA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

A Coruña, _____

REUNIDOS:

Dunha parte D. Diego Calvo Pouso, na súa calidade de presidente da Deputación Provincial da Coruña, actuando en nome e representación desta en virtude das atribucións que lle confire o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e as facultades outorgadas pola Corporación provincial en sesión celebrada o día, asistido por D. José Luis Almau Supervía, secretario xeral desta en exercicio das funcións de fe pública administrativa que lle atribúe a lexislación vixente.

Doutra parte D. _____, alcalde/sa-presidente/a do Concello de _____, expresamente habilitado para este acto polo _____, en sesión celebrada en data _____

Ambas as dúas partes recoñécense, na representación que teñen, capacidade bastante para a sinatura do presente **Convenio de adhesión ao sistema de Adquisición Centralizada da Deputación Provincial da Coruña**, e para obrigar nos termos deste á persoa xurídica que representan.

En virtude diso,

EXPOÑEN

Primeiro: Que a Deputación Provincial da Coruña por acordo do Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día, aprobou a creación dunha Central de Contratación, co fin de dar servizo ás entidades locais da provincia e entes instrumentais delas dependentes e, no seu caso, aos diferentes departamentos e servizos da Deputación provincial e os seus entes instrumentais.

Segundo: Que coa creación da Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, preténdese lograr as condicións económicas máis vantaxosas e a consecuente redución do gasto público dos entes adheridos ao sistema de contratación centralizada que se articula e, ao tempo, simplificar a tramitación administrativa na adquisición de bens e servizos, potenciando, á vez, a transparencia e seguridade na contratación. Trátase de facilitar ás entidades locais da provincia e os seus entes instrumentais, a adquisición de bens e tramitación da contratación dos servizos que lles sexan necesarios, articulando un sistema áxil, que permita a minoración de tempos de adquisición e simplifique a súa tramitación, dando así cumprimento á obrigaón de colaboración da institución provincial cos entes locais do seu territorio.

Terceiro: Que (o Concello de....., ou a entidade) por acordo (do Pleno da Corporación municipal de data, ou o órgano competente da entidade) acordou a adhesión á Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

En consecuencia, os asinantes acordan asinar o presente CONVENIO DE ADHESIÓN conforme as seguintes cláusulas:

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO.

O obxecto do presente CONVENIO é a adhesión de (Concello de ou a Entidade) á Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, podendo, por tanto, efectuar as subministracións de bens e contratación de obras ou servizos a través da Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, nas condicións e prezos vixentes nos contratos subscritos por esta, coas empresas adjudicatarias no momento da adquisición dos bens ou contratación dos servizos.

Esta adhesión non supón a obrigaón de efectuar todas as contratacións ou servizos a través da Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, podendo optar (Concello de ou a Entidade) por utilizar este sistema ou calquera outro establecido na lexislación de contratación pública.

Non obstante a adhesión individualizada aos distintos Acordos Marco, contratos e outras licitacións por (Concello de ou a Entidade) si terá carácter obrigaónal, non podendo, en consecuencia efectuar contratacións relativas ao obxecto dos citados Acordos Marco ou contratos á marxe destes.

SEGUNDA.- OBRIGACIÓNS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

1. A Central de Contratación informará as entidades locais dos correspondentes Acordos Marco, contratos ou outras licitacións que celebre, e solicitaralles a adhesión individualizada a cada un destes, que será voluntaria para as ditas entidades.

2. A Central de Contratación informará as condicións dos Acordos Marco, contratos e outras licitacións, tales como empresa ou empresas adxudicatarias, prezo ofertado, prazos de entrega e en xeral calquera aspecto relevante, así como todas as modificacións que poidan ter durante a súa vixencia.

3. Tamén se obriga á publicación dos Acordos Marco, contratos e outras licitacións na páxina web da Central de Contratación.

4. Tramitación dos pedidos de subministración ou de prestacións de servizo efectuadas polas distintas entidades locais.

5. Adoptar as medidas oportunas en caso de incumprimento total ou parcial por parte das empresas adxudicatarias, mesmo tramitar expedientes de imposición de penalidades ou de resolución de contratos.

TERCEIRA.- OBRIGACIÓN DA ENTIDADE LOCAL

Son obrigacións do (Concello de ou a Entidade)as seguintes:

1.- Indicar os cargos que, en virtude das súas competencias en materia de contratación e aprobación do gasto, deben subscribir as peticións de subministracións ou prestacións de servizos, para que poidan ser tramitadas pola Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, especificando, igualmente, ademais das circunstancias de denominación da entidade, dirección, teléfono, fax e persoa responsable e o e-mail de contacto.

2.- Formular as peticións de subministración de bens ou de prestación de servizos, no modelo que aprobará por resolución a tal fin, a Presidencia da Deputación Provincial da Coruña, previa autorización e disposición do gasto.

3.- Pór en coñecemento da Central de Contratación, as demoras nos prazos de entrega, defectos nos bens fornecidos ou na prestación de servizos, ou calquera outro incumprimento total ou parcial relacionado co obxecto do contrato, para a adopción das medidas oportunas pola Central de Contratación.

4.- Efectuar a recepción dos bens fornecidos e dos servizos prestados, os cales deberán coincidir coas características e prezos cos que figuran na correspondente petición, así como o aboamento do prezo e, eventualmente, dos xuros de mora e das posibles revisións, que se fará efectivo conforme as previsións establecidas no artigo 216 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público.

CUARTA.- VIXENCIA DO PRESENTE CONVENIO.

O período de vixencia do presente CONVENIO será de catro anos contados desde o día seguinte ao da súa formalización, e poderase prorrogar automaticamente por igual período de tempo, se non existise denuncia deste por algunha das partes, previa comunicación á outra con polo menos tres meses de antelación.

QUINTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN E EFECTOS.

Será causa de resolución do presente Convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento das condicións por algunha delas.

Non obstante o anterior, as partes poderán denunciar en calquera momento o acordo de adhesión previa comunicación efectuada, polo menos, tres meses de antelación.

Nos supostos de resolución, incluída a expiración por denuncia, os efectos da extinción quedarán en suspenso ata que teña lugar a recepción e total aboamento das subministracións ou servizos solicitados pola Central de Contratación da Deputación da Coruña a instancia de (Concello de ou a Entidade).

SEXTA.- RESOLUCIÓN DE LITIXIOS.

As cuestións litixiosas que poidan exporse respecto da aplicación, interpretación e cumprimento deste convenio serán competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado, as persoas que interveñen, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Presidente da Deputación

O/A Alcalde/Sa

O Secretario da Deputación

4.Arquivo expediente de reparo

No Pleno do 28 de abril 2014 decidiuse deixar sobre a mesa a fin de proceder coa correspondente modificación presupostaria para asignar crédito adecuado e suficiente e coa licitación do contrato de prestación do servizo para instalación do sistema City4 por imposte de 3.630,00 € (IVE incluídos).

A Xunta de Goberno do 5 de xuño 2014 iniciouse a contratación do servizo, sendo adxudicado por Decreto da Alcaldía de data 4 de xullo 2014.

Por outro lado, o Pleno en sesión do 9 de xullo 2014, aprobou a correspondente modificación presupostaria pola que se asignou crédito na partida 921.222 para facer fronte ao gasto derivado deste servizo.

Por todo isto e en cumprimento do acordado na sesión do 28 de abril ponse en coñecemento da corporación da tramitación e finalización de todo o procedemento e consecuentemente do arquivo do expediente correspondente ao Reparación

5.Informe sobre cumprimento prazos para pagos obrigas. Segundo trimestre

Dáse conta do seguinte informe de morosidade correspondente ó segundo trimestre 2014:

A) Detalle de pagos realizados e pendentes de pago da entidade .

Pagos realizados no trimestre	Período medio pago (PMP) (días)	Período medio pago excedido (PMPE)	Pagos realizados no trimestre	
			Dentro período legal pago	Fóra período legal pago

		(días)	Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bens Corrientes e Servizos	26,5622	10,986	257	233.001,71	4	2.280,93
Aplicados a Presupuesto (Cap. 2) por artigos	26,5622	10,986	257	233.001,71	4	2.280,93
20.- Arrendamentos e Canons						
21.- Reparación Mantemento e Conservación	28,3	10,97	74	136.284,67	2	2.243,74
22.- Material Subministro e Outros	24,01	11,95	169	95.740,47	2	37,19
23.- Indemnización por razón del servizo	30,35		14	976,57		
24.- Gasto de publicacións	0					
26.- Traballos realizados por Institucións s.f. de lucro	0					
27.- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas	0					
2.- Sen desagregar	0					
Pendientes de aplicar ao Presupuesto						
Inversións reais	10	0	1	4.700,85	0	0,00
Aplicados a Presupuesto (Capítulo 6)	10	0	1	4.700,85	0	0,00
Pendientes de aplicar a Presupuesto						
Outros pagos realizados por operacións comerciais	44,47	0	3	827,80	0	0,00
Aplicados a Presupuesto	44,47	0	3	827,80	0	0,00

Pendientes de aplicar a Presupuesto						
Sen desagregar	0	0	0	0,00	0	0,00
Aplicados a Presupuesto						
Pendientes de aplicar a Presupuesto						
TOTAL pagos realizados en el trimestre	26,3004	10,986	261	238.530,36	4	2.280,93

Intereses de demora pagados no trimestre	Intereses de demora pagados no período	
	Número de pagos	Importe total intereses
Gastos Correntes en Bens e Servizos		
Inversións reais		
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Sen desagregar		
Total	0	0,00

Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ó final do trimestre	Período medio do pendente de pago (PMPP) (días)	Período medio do pendente de pago excedido(PMPPE) (días)	Pendentes de pago a final do trimestre			
			Dentro período legal pago a final do trimestre		Fora período legal pago a final do trimestre	
			Número de operacións	Importe total	Número de operacións	Importe total
Gasto en Bens Correntes e Servizos						
20.- Arrendamentos e Canons						
21.- Reparación Mantemento e Conservación						
22.- Material Subministro e Outros						
23.- Indemnización por razón do servizo						
24.- Gasto de publicacións						
26.- Traballos						

realizados por Institucións s.f. de lucro						
27.- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas						
2.- Sen desagregar						
Inversións reais						
Outros pagos realizados por operacións comerciais						
Sen desagregar						
TOTAL operacións pendentes pago final trimestre.						
Facturas o docum. Xustificativos al final del trimestre con más de tres meses de su anotación en registro de facturas, pendentes del recoñecemento da obriga (Art.5.4 Lei 15/2010)	Período medio operacións pendentes recoñecemento (PMOPR)	Pendientes de recoñecemento obrigas				
		Número	Importe total			
Gastos Correntes en Bens e Servizos	0	0	0,00			
Inversións reais	0	0	0,00			
Sen desagregar	0	0	0,00			
Total	0	0	0,00			

B) Informe sobre o cumprimento dos prazos previstos legalmente para o pago de obrigacións.

Informe sobre o cumprimento dos prazos previstos legalmente para o pago de obrigacións.

I.- Normativa aplicable

- Lei 37/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais..
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro.
- RDL 2/2004, de 5 de marzo. Texto Refundido da Lei de Facendas Locais
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

II.- Consideracións

En aplicación do establecido na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, nos seus artigos 4º.3 e 5º.4, canto á obrigatoriedade de informar o cumprimento, por parte desta Entidade Local, dos prazos previstos para o

pago das obrigacións, que se concretan no art.1º.3 e o art. 3º.3 da citada Lei, para o trámite que proceda emítase o presente informe:

O prazo ao que se refire o art. 4º.3 da Lei 15/2010 é o establecido no art. 3º.3 da devandita lei que engade a disposición transitoria 8ª á Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público, determinando que:

Entre el 1 de enero de 2014 y el 31 de diciembre de 2014, el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 200 será dentro de los treinta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obra o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato”.

Que da execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal sobre o total de pagos materiais realizados entre os días 1 de abril e 30 de xuño de 2014 obtense a seguinte información:

a) Facturas ou documentos xustificativos pagos no trimestre:

	Dentro do período legal de pago	Fora do período legal de pago
Número de pagos	261	4
Importe total	238.530,36	2.280,93

Que respecto da información relativa ao número e importe de obrigacións pendentes nas que se está incumprindo o prazo de pago legalmente establecido resúmese nos cadros seguintes:

b) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre. (art. 4º.3 Lei 15/2010)

	Dentro do período legal de pago	Fora do período legal de pago
Número de pagos	0	0
Importe total	0	0

c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas desta Entidade Local e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obrigación (art. 5º.4 Lei 15/2010):

Número de operacións: 0

Importe total: 0

A relación das facturas ou documentos xustificativos que ao final do trimestre indicado atópanse nesta situación, acompáñase como anexo a este informe.

III.- Conclusión

É canto se ha de informar segundo a normativa de aplicación, proponendo:

- Que se de traslado do presente informe e anexos aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.
- Que se de traslado ao Pleno de acordo co establecido no art. 5º.4 da Lei 15/2010.

6.Aprobación límite de gasto para 2015

A Lei orgánica 2/2012, de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, no seu artigo 12 establece que a variación do gasto computable das corporacións locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto de medio prazo da economía española, e no artigo 15 sinala que corresponde ó goberno establecer os obxectivos de estabilidade presupostaria e de débeda pública referidos ós tres exercicios seguintes, tanto para o conxunto de administracións públicas como para cada un dos seus subsectores.

En virtude do anterior, o Consello de Ministros, na súa reunión do 27 de xuño de 2014, acordou fixar para o período 2015, 2016 e 2017 e concretamente para as entidades locais, os seguintes límites de gasto (REGRA DE GASTO):

2015	2016	2017
1,3	1,5	1,7

Este límite obtense mediante a aplicación das correspondentes porcentaxes sobre o límite de gasto non exercicio anterior, polo que aínda obtendo maiores ingresos dos previstos non se poden incrementar os gastos na mesma medida, tendo que destinarse este superávit, á amortización do préstamo existente.

Tendo en conta que o límite de gasto non financeiro para o 2014 é de 1.918.956,79 €, ó aplicarlle a taxa de referencia do 2015, que é o 1,3 %, resulta que o límite de gasto financeiro para o 2015 é de 1.943.903,23 €.

O señor Canabal di o seguinte: “Repito a intervención que neste mesmo pleno fixen o 13 de novembro de 2014, cando se aprobou o límite de gasto para 2014.

Tiña dito que o establecemento do teito de gasto na administración local ademais da priorización dos gastos financeiros sobre os outros, demostraba unha auténtica intervención das administracións do Reino de España polos famosos homes de negro.

Dicir que a filosofía desta intervención de establecer límites de gasto non financeiro ten un obxectivo perverso, pois faise para poder acumular gasto financeiro ao servizo dos poderes fácticos”, o que é unha guerra do dogma contra as luces da razón.

Esta política é claramente “reaccionaria” e constitúe un auténtico atentado á autonomía local (proclamada tamén na Constitución).

Entramos pois nunha espiral indefinida e perversa de recortes e incrementos da presión fiscal. Unha intervención en toda regra da administración, un baleirado de competencias aos concellos e unha liquidación a medio e longo prazo.

E ano a ano, proposición a proposición da alcaldía, vense confirmando isto que digo”.

Procédese coa votación, e cos votos a favor do PP e en contra do concelleiro non adscrito e do PS de G, acórdase:

- 1) Aprobar o límite de gasto non financeiro do exercicio 2015 por importe de 1.943.903,23 €
- 2) Ter en conta o referido importe na elaboración do presuposto xeral municipal para o 2015

7.Aprobación convenio co SAUI-2 para o aprazamento do aboamento das derramas

Dáse conta do convenio asinado coa Xunta de Compensación do SAUI-2 para o aprazamento do aboamento das derramas número 1 e número 2 así como para a condonación dos correspondentes xuros de demora.

O señor Canabal di que se debe aplaudir, pois xa está todo feito, polo que tampouco ten sentido dicir nada.

Por unanimidade dos presentes acórdase ratificar o seguinte convenio entre o Concello de Boqueixón e a Xunta de Compensación SAUI-2 Boqueixón, para o aprazamento do aboamento das derramas número 1 e número 2 e para a condonación dos xuros de demora devengado.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE BOQUEIXÓN E A XUNTA DE COMPENSACIÓN DO SAUI-2 BOQUEIXÓN, PARA O APRAZAMENTO DO ABOAMENTO DAS DERRAMAS NÚMERO 1 E NÚMERO 2 E PARA A CONDONACIÓN DOS XUROS DE DEMORA DEVENGADO

En Boqueixón, a 19 de setembro de 2014

REUNIDOS:

Dunha parte don Manuel Mouriño Varela, Alcalde accidental do Concello de Boqueixón, en virtude de Resolución da alcaldía de data 12 de setembro de 2014.

Doutra parte, don Julio Devesa Regueiro, Presidente do Consello Reitor da Xunta de Compensación SAUI-2 Boqueixón,

EXPOÑEN:

Que con data 3 de setembro de 2008 aprobouse o proxecto de compensación SAUI-2 Boqueixón.

Que o Concello de Boqueixón aportou á Xunta de Compensación do SAUI-2 as seguintes fincas dentro do ámbito do SAUI-2 Boqueixón

-Finca nº 796 do Proxecto de Compensación do Sauti-2 Boqueixón, denominada “Chousa do Río”, de 986 m² de superficie.

-Finca nº 143-1 do Proxecto de compensación do SAUI-2 Boqueixón, denominada “Barreiros”, de 15.000 m² de superficie.

Que como membro da Xunta de Compensación, o Concello de Boqueixón debe aboar os gastos derivados do desenvolvemento do polígono na parte alícuota correspondente ás parcelas anteriormente descritas.

Que a esta data os importes das derramas pendentes de aboamento polo concello de Boqueixón ascenden a:

	IMPORTE
Derrama nº 1	14.862,92 €
Derrama nº 2	28.774,95 €
TOTAL	43.637,87 €

Que o Concello de Boqueixón, dentro da liña xeral de todo o sector público, está sometido á Lei orgánica 2/2012 de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira pola que tanto a elaboración, aprobación e execución do presuposto e demais actuacións que afecten ós gastos ou ingresos terán que realizarse no marco de estabilidade presupostaria, coherente coa normativa europea.

Así mesmo, a citada lei impón o cumprimento dunha regra de gasto e o acordo do Consello de Ministros do 27 de xuño de 2014 fixa o límite de gasto non financeiro para o 2015, establecendo a taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto no 1,3, co cal o límite de gasto non financeiro para o 2015 é de 1.943.903,23 €. O cal significa que o Concello de Boqueixón non poderá facer fronte a gastos superiores a este importe con ingresos propios.

Con este escaso límite, o Concello de Boqueixón vese na obriga de reducir drasticamente os gastos para poder facer fronte ós propios e inevitables gastos de funcionamento dos servizos mínimos obrigatorios e para o mantemento das axudas sociais que cada vez máis xorden no municipio.

Que por todo isto, ó concello resúltalle imposible facer fronte ós gastos derivados das derramas e xuros de demora sen menoscabo dos servizos municipais e sociais.

Por todo o anterior ambas partes acordan asinar o presente convenio para o aprazamento do aboamento das derramas número 1 e número 2 e para a quita dos xuros de demora devengados.

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA: O obxecto do presente convenio é establecer as condicións para o aboamento das derramas número 1 número 2 polos gastos derivados polo desenvolvemento do polígono SAUI-2 na parte alícuota das parcelas do Concello de Boqueixón.

SEGUNDA: O Concello de Boqueixón comprométese a aboar os importes das derramas nos exercicios presupostarios e condicións que a continuación se detallan:

A) Exercicio presupostario 2015: **14.550,00 €**

Exercicio presupostario 2016: **14.550,00 €**

Exercicio presupostario 2017: **14.537,87 €**

B) O aboamento efectuarase antes do 30 de xuño do ano que corresponda.

- C) Se a situación económica o permite, o concello poderá anticipar o total ou parte da anualidade correspondente ó exercicio presupostario seguinte.

TERCEIRA: Os xuros de demora devengados ou que se devenguen a consecuencia das derramas sinaladas na cláusula primeira, estarán sometidos o seguinte réxime xurídico:

- A) Procédese á quita de tódolos xuros de demora devengados ou que se devenguen, en relación coas derramas indicadas, ata 30 de xuño de 2015.
B) Polo tempo transcorrido dende o 30 de xuño de 2015 ata 30 de xuño de 2017, non se devengarán xuros de demora polas cantidades adeudadas polo Concello de Boqueixón á Xunta de Compensación SAUI-2 Boqueixón, sempre que este proceda o pago das totalidades adeudadas e nos prazos establecidos no presente convenio.

En caso de incumprimento de calquera dos pagos ou de calquera dos prazos por parte do Concello de Boqueixón, devengaranse automaticamente, sen necesidade de intimación, tódolos xuros devengados polos importes adeudados e inclusive os sinalados no apartado A) da presente cláusula.

CUARTA: O presente convenio despregará os seus efectos dende a data da súa suscripción polas partes sinatarias, quedando pendente da súa ratificación ulterior polo pleno do Concello de Boqueixón e pola Asemblea Xeral da Xunta de Compensación SAUI-2 Boqueixón.

Lido polas partes e en proba de conformidade, ambas partes asinan por duplicado este exemplar, no mesmo lugar e data que se sinala ó comezo.

Polo Concello de Boqueixón
O alcalde accidental

Pola Xunta de Compensación
O Presidente

8.Incremento IPC (0,10%) tarifas saneamento e abastecemento

Neste intre cando son as 21.30 h. chega a concelleira Sonia Rodríguez Midón.

Na sesión plenaria realizada o día 14 de setembro de 2011, acordouse aplicar o IPC correspondente ó mes de xuño de cada ano ás tarifas correspondentes ós servizos de saneamento e abastecemento.

Con data 10 de setembro de 2014, a empresa xestora dos servizos, entrega no rexistro (14/670) os prezos dos servizos incrementados no 0.10% IPC

Polo tanto, tendo en conta que co incremento do IPC non se produce alteración do equilibrio económico, posto que este afecta tanto ós usuarios como ó concello, e que non é preciso realizar un estudo económico tal como así establece o art. 25 da Lei reguladora das facendas locais, propónse ó Pleno o incremento do IPC.

A continuación o señor Canabal di o seguinte: “Unha primeira consideración fundamental que xa levo dito en canto á estrutura de moitas das ordenanzas do noso concello: Son deficientes, inxustas, regresivas e nalgúns casos auténticas animaladas, para financiar servizos moi mal xestionados, caros, e a expensas dos caprichos das empresas concesionarias. En especial, xustamente, nos dous casos que se propoñen.

Taxa de Saneamento:

Tal e como argumentei no pleno do 14 de setembro de 2011 cando se fixo a última modificación da ordenanza, non se entendía que ao longo do ano 2012, se estipulara unha suba do 15%, e do 460% na parte variable, cando se pasa de 0,05 € por m³ vertedura aos 0,28 € que formulou. **É dicir, a máis usuarios, o servizo por unidade sae máis caro.**

Claramente, a ordenanza de saneamento asume ineficiencias na prestación do servizo, e aínda que pode ser comprensible ir aumentando pouco a pouco os incrementos dos custos da prestación do servizo, medidos polo IPC, non pode estar de acordo con esta ordenanza.

En conclusión, os veciños de Boqueixón soportan un aumento de custo do pasado ano, incrementado agora no IPC, non por consecuencia do incremento dos custos de prestación do servizo, senón que é consecuencia dunha ineficiente concesión administrativa feita no seu día. E isto, os veciños teñen dereito a sabelo.

Taxa de Abastecemento:

Outro tanto se pode dicir desta taxa; propónse unha suba do IPC sobre unha modificación do 9 de novembro de 2011, impugnada e aprobada definitivamente o 16 de decembro. Unha taxa que igual que a anterior asume as ineficiencias da concesión administrativa, ou mellor dito, da modificación do ano 2006, que a propia a deputación ten aconsellado que se declare a súa nulidade, e refrendada por unanimidade por esta corporación, e sen ter unha solución definitiva aínda a día de hoxe.

É así, que como teñen reclamado os nosos veciños pasouse duns custos dos dous servizos (saneamento e abastecemento) asumibles a unha suba disparatada dende o ano 2012.

E o que os veciños teñen que saber. As taxas destes dous servizos non respontan aos dos custos unitarios do servizo. As taxas respontan aos caprichos dunha empresa coa complicidade do concello.

É pola estrutura destas ordenanzas, máis que pola suba do IPC (que simplemente pola situación que atravesamos xa sería aconsellable non tocar) polo que rexeito este incremento. Ademais volver a insistir en que os contratos non se están a cumprir, e que existe unha necesidade de poder resolvelos”.

O señor Barcala, di que en todo caso as tarifas deberíanse reducir.

Sen máis debate, procédese coa votación e cos votos a favor do PP e en contra do Concelleiro non adscrito e do PS de G: acórdase:

1 Incrementar as tarifas do servizo de abastecemento e de saneamento mediante a aplicación do IPC (0.10 %), correspondente ó período xuño 2013 – xuño 2014, resultando as seguintes tarifas para o ano 2015:

SERVIZO DE ABASTECIMENTO – TARIFAS ANO 2015

ABOADOS DOMÉSTICOS

ANO 2.014		ANO 2.015		
TARIFA SERVIZO	E y D	TARIFA SERVIZO	E y D	Canon Concello
€/ab.mes	€/ab.mes	€/ab.mes	€/ab.mes	€/ab.mes

<u>COTA FIXA</u>		4,840	3,782	4,845	3,786	1,059
<u>CONSUMO</u>		€/m³	€/m³	€/m³	€/m³	€/m³
1º Bloque	0 a 10 m³/ab.mes	0,350	0,274	0,350	0,274	0,076
2º Bloque	máis de 10 a 20 m³/ab.mes	0,436	0,340	0,436	0,340	0,096
3º Bloque	máis de 20 a 40 m³/ab.mes	1,319	1,031	1,320	1,032	0,288
Excesos	máis de 40 m³/ab.mes	1,404	1,097	1,405	1,098	0,307

ABOADOS INDUSTRIAIS, COMERCIAIS E OBRAS

ANO 2.014		ANO 2.015		
TARIFA SERVIZO	E y D	TARIFA SERVIZO	E y D	Canon Concello
€/ab.mes	€/ab.mes	€/ab.mes	€/ab.mes	€/ab.mes
6,469	5,054	6,475	5,059	1,416
€/m³	€/m³	€/m³	€/m³	€/m³
Por cada m³ consumido		0,744	0,581	0,163

GANDERÍAS

Terá un desconto do 50% sobre as cotas de industrial e comercial.

ANO 2.014	0,10%	ANO 2.015
-----------	-------	------------------

2.- ALTAS DE CONTRATO

- Por vivenda	54,81	€/ud	54,86	€/ud
- Por local comercial	109,62	€/ud	109,73	€/ud

- Por planta baixa sen dividir
O importe obterase de multiplicar polo nº de vivendas **109,73** €/ud
que corresponde por planta.

Industrias situadas fora do Polígono Industrial

- Hasta 2 obreiros	109,62	€/ud	109,73	€/ud
- Más de 2 hasta 20 obreiros	328,87	€/ud	329,20	€/ud
- Más de 20 hasta 50 obreiros	548,12	€/ud	548,67	€/ud
- Más de 50 obreiros	1.096,24	€/ud	1.097,34	€/ud

Naves industriais situadas nos Polígonos Industriais

- Hasta 500 m²	548,12	€/ud	548,67	€/ud
- Más de 500 m² hasta 2.000 m²	1.096,24	€/ud	1.097,34	€/ud
- Más de 2.000 m²	1.644,36	€/ud	1.646,00	€/ud

Promotores de 2 ou máis vivendas unifamiliares (*) 562,92 €/ud **563,48** €/ud

Promotores de vivendas colectivas
(edificios colectivos) 562,92 €/ud **563,48** €/ud

(*O abono da taxa efectuarase pola empresa promotora da edificación e será por cada vivenda no caso de promoción de vivendas unifamiliares e por cada vivenda no caso de promoción de vivendas colectivas.

ANO 2.014	0,10%	ANO 2.015
-----------	-------	-----------

3.- COTA POR CONSERVACIÓN DE CONTADORES E ACOMETIDAS

Cota 0,769 €/ud **0,770** €/ud

4.- XESTIÓN DE COBRO A IMPAGADOS

Cobro ós aboados morosos dos gastos ocasionados pola comunicación dos recibos pendentes de pagamento 4,390 €/ud **4,394** €/ud

5.- DESPRECINTADO DE CONTADOR

Por desprecintado do contador 18,110 €/ud **18,128** €/ud

6.- CONEXIÓN Á REDE DE ABASTECIMIENTO E PRECINTADO DE RACORES

Por conexión á rede e precintado dos racores de contadores non colocados polo persoal do servizo. 20,120 €/ud **20,140** €/ud

SERVIZO DE SANEAMENTO – TARIFAS ANO 2015

A.- ABOADOS CON SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO

IPC XUN /2.013 - XUN /2014

0,10%

A.1.- COTA FIXA

		ANO 2014	0,10%	ANO 2.015
		€/trim	€/trim	€/ab.trim
GRUPO 1º	Vivenda (por unidade), comercios menores (ata 2 empregados), despachos e oficinas (ata 2 empregados), locais en galerías, ferraxerías, tendas de electrodomésticos, e semellantes.	11,000		11,011
GRUPO 2º	Industrias de ata 5 obreiros, clínicas médico sanitarias, despachos e oficinas de máis de 2 empregados, academias, comercios maiores de máis de 2 empregados, perruquerías, talleres de motos e bicicletas, panaderías e semellantes. Ademáis, tabernas, bares, churrasquerías, cafeterías, e restaurantes sen hospedaxe ata 150 m², e semellantes	15,690		15,706

GRUPO 3°	Industrias de 5 a 20 obreiros, clubs nocturnos, restaurantes e churrasquerías con hospedaxe ata 20 habitacións, tabernas, bares, churrasquerías, cafeterías e restaurantes sen hospedaxe de mais de 150 m ² , pastelerías, carnicerías, peixerías talleres de coches, materiais de construción, marmolerías e semellantes.	23,540	23,564
GRUPO 4°	Tintorerías, lavanderías, imprentas, hospedaxes de mais de 20 habitacións, e industrias de 20 a 30 obreiros, e semellantes.	69,060	69,129
GRUPO 5°	Industrias de mais de 30 obreiros, talleres de lavado e engraxe, talleres mecánicos en polígonos industriais, naves industriais en polígonos, talleres de rodas, centros médicos, colexios, gasoleiras, e semellantes.	94,180	94,274

A.2.-	<u>VERQUIDO</u>	€/m³	€/m³
	Por m ³ consumidos ou vertidos á rede municipal de sumidoiros	0,291312	0,291603

B.-	<u>ABOADOS SEN SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO</u>	€/ab.mes	€/ab.mes
GRUPO 1°		6,5680	6,5746
GRUPO 2°		8,1338	8,1419
GRUPO 3°		10,7452	10,7559
GRUPO 4°		25,8851	25,9110
GRUPO 5°		34,2395	34,2737

C.- ABOADOS CON SUBMINISTRO NON PROCEDENTE DA REDE MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO E VERQUIDO DE GRAN CAUDAL

Para aqueles aboados/industrias que para o seu proceso de traballo ou produción empreguen medios propios de abastecemento de auga, exclusivamente ou conxuntamente coa auga da rede municipal e vertan á rede de sumidoiros un caudal moi superior ó consumido da rede municipal, instalarán ó seu cargo aparellos para a medida do caudal vertido á rede; esta medición servirá de base para a facturación. De mutuo acordo entre a empresa e o concesionario do servizo de augas poderase realizar un aforro do caudal vertido a efectos da facturación.

C.1.-	<u>COTA FIXA</u>	ANO 2.014	0,10%	ANO 2.015
GRUPO 1°		10,9970		€/ab.trim 11,0080
GRUPO 2°		15,6892		15,7049
GRUPO 3°		23,5443		23,5678
GRUPO 4°		69,0617		69,1308

GRUPO 5º	94,1769	94,2711
----------	---------	---------

C.2.-	<u>VERQUIDO</u>	€/m³	€/m³
		Por m³ consumidos ou vertidos á rede municipal de sumidoiros	0,291312

PREZOS DE ACOMETIDAS E CONTADORES

1.- **Prezo de acometidas do servizo de abastecemento**

Faise o cálculo con base á acometida normal de 5 m. de lonxitude máxima (1 a 5 m.)

MATERIAIS

- Ud. de collarín de toma
- Ud. de enlaces
- Tubaxe de P.E.B.D. : 1 a 5 m.
- Ud. de chave de paso
- Tapa de fundición de 15 x 25 cm.

OBRA CIVIL

- Ud. de arqueta para colocación de tapa de 15 x 25
- 1 a 5 m.l. de zanja (apertura, peche e reposición de pavimento)

Fanse prezos diferentes dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na zanja

<u>Ø Acometida</u>	<u>Tierra (A)</u>	<u>Asfalto (B)</u>	<u>Baldosa- acera (C)</u>
¾"	376,43	422,37	461,69
1"	399,98	454,05	481,83
1¼"-1½"	440,14	490,24	537,50
2"	485,04	532,82	582,45

Incremento do prezo da acometida para lonxitudes superiores a 5 m.

<u>Acometidas de más de 5 m.</u>	<u>¾"</u>	<u>1"</u>	<u>1¼"- 1½"</u>	<u>2"</u>
(A) incremento Eur. por m.	9,95	11,64	16,55	27,88
(B) incremento Eur. por m.	18,35	23,61	28,50	39,35

(C) incremento Eur. por m.	26,25	28,00	32,88	43,51
----------------------------	-------	-------	-------	-------

2.- **Prezo de instalación do contador**

2.1.- **Instalación do contador de 15 / 20 mm. en batería de contadores ou similar**

- Contador
- Válvula antiretorno
- Pezas de conexión

Prezo contador instalado

- Contador de	15 mm.	79,68	€/ud	79,76	€/ud
- Contador de	20 mm.	100,06	€/ud	100,16	€/ud

2.2.- **Contadores de diámetro superior a 20 mm.**

Farase presuposto para cada caso.

2.3.- **Tarifas de contadores (sen colocación)**

TARIFA DE CONTADORES

(sen colocación)

Ø15 mm.	58,84	Eur/ud
Ø20 mm.	79,24	Eur/ud
Ø25 mm.	129,00	Eur/ud
Ø30 mm.	180,34	Eur/ud
Ø40 mm.	279,48	Eur/ud
Ø50 mm.	610,82	Eur/ud
Ø65 mm.	757,25	Eur/ud

NOTA :

A estes prezos aplicaráselle ó IVE vixente

3. Prezo de acometidas do servizo de saneamento

Ud. de acometida de auga residual formada por arqueta de saída, tubaxe de P.V.C. Ø 160/5 atm., incluída escavación, recheo, demolición e reposición do firme no seu caso, así como a conexión ó colector existente con peza especial para estanqueidade da unión, e para una lonxitude máxima de 5 m. e unha profundidade máxima de 1,50 m.

ANO 2.014	ANO 2.015
-----------	-----------

ZANXA EN TIERRA	378,21	€/ud.	378,59	€/ud.
ZANXA EN ASFALTO	407,80	€/ud.	408,21	€/ud.
ZANXA EN ACERA	448,36	€/ud.	448,81	€/ud.

NOTA :

A estes prezos aplicaráselle ó IVE vixente

2. Publicar as novas tarifas no BOP e expoñer o expediente ó público durante 30 días para que se realicen as reclamacións oportunas.

9.Aprobación Conta Xeral 2013

Comunícase que a Comisión de Contas que tivo lugar o 28 de maio de 2014 acordou informar favorablemente á Conta Xeral 2013, cos votos a favor do PP e en contra do Concelleiro non adscrito e o do PS de G.

Que estivo exposta ó público mediante publicación no BOP número 107 de 6 de xuño do 2014 e no taboleiro de edictos, e non se presentaron reclamacións.

A continuación o señor Canabal di o seguinte:” Non se asusten os concelleiros do PP que non vou repetir o dito na Comisión de Contas. Ao que lle interese a análise de datos que tentei facer coa máxima obxectividade que me foi posible, remítoos á Acta da Comisión de Contas onde se informou a Conta Xeral. Non vou a repetir todos os datos e comparativas que alí fixen. Están feitas e como quero presumir que os Concelleiros están perfectamente informados do Expediente Plenario, pois neste venlles tamén a Acta da Comisión.

Mais si vou tentar facer unha intervención política da conta, tendo en conta o apartado da introdución e das conclusións da Comisión, onde conseguín que se alporizara o galiñeiro (en senso figurado, claro está).

Dicía, como teño dito en multitude de ocasións, que sempre presentan a Conta Xeral ao igual que se pode tirar a herba seca ao gando. Un feixe de papeis, e aí vai!

Falta o primeiro ano que o equipo de goberno fixera unha mínima exposición da Conta Xeral. Como se esta fora única e exclusivamente un relatorio e un traballo dos técnicos contables. E ese é, ao meu ver, o primeiro erro de vulto que cometen.

A Conta Xeral, ao igual que os orzamentos, encerran as políticas públicas que se realizan na administración ao longo dun ano. Polo tanto, cando nos referimos por exemplo, á contención do gasto, ao incremento dos ingresos, ao equilibrio ou desequilibrio orzamentario, estamos falando de onde recortamos, en que figuras impositivas puxemos o acento para incrementar ingresos, e no conxunto destas, se

equilibramos ou desequilibramos os orzamentos, ou falando de liquidación, a conta xeral.

Polo tanto, e sen que exista no concello un debate anual de política xeral, serán estes dous plenos, onde se discuten os orzamentos e onde se discute a conta xeral, aqueles plenos onde fagamos repaso das políticas e directrices previsibles a levar a cabo do ano (caso dos orzamentos) e das políticas implementadas, caso da conta xeral.

É por iso polo que, e dígoo con toda a prudencia, que teño a sensación de que vostedes nin elaboran, nin seguen, nin analizan, nin miran, nin len, ningún destes dous documentos. Porque caso de que os leran, minimamente, tiraban algunha liña para o debate.

Por iso, as queixas que teño mantido neste pleno, e tamén nas comisións, cando chegado este punto de debate, o inicio sempre é o mesmo e é perfectamente previsible. **“Aprobación da Conta Xeral. Ten a palabra o Sr. Canabal”**. E recórdolle, que o Sr. Canabal, non é responsable, de momento, das políticas que se aplican neste Concello.

A Conta Xeral.

Sen tentar facer unha análise pormenorizada dos datos económicos (téñeno como xa dixen, na acta da comisión de contas) **resalta nesta os resultados positivos**(Resultado orzamentario, remanente de tesourería, aforro bruto e aforro neto...) que presenta a conta xeral do ano 2013.

Por iso compre facer unha pequena análise para tentar saber de onde saen estes datos; e a primeira conclusión é directa:

- **O Incremento bestial da presión fiscal.** Miren o apartado das fontes de financiamento e compróbeno. Así que Sr. Alcalde, non diga que vostede que non subiu os impostos nin as taxas, porque á vista están os datos. Ou os subiu, ou “llos” subiron, o cal resulta máis grave.
- **O despido do persoal do concello e a precarización dos servizos públicos municipais,** xunto coa perda de autonomía financeira imposta polas leis retrógradas do goberno do Estado, fai que exista unha limitación lexislativa do gasto e do investimento, e polo tanto unha limitación á hora de poder decidir os centros de gastos.

É dicir, e para sermos claros:

- Nestes últimos anos **os veciños están a pagar a crise das arcas municipais** en modo de incremento dos impostos e taxas (pregunten polos incrementos no IBI, no IVTM, polo saneamento, pola auga...).
- E **paralelamente, o goberno do Estado dita leis retrógradas** para que os concellos teñan que despedir persoal, teñan que deixar de prestar servizos ou prestalos en precario...

E isto último, señores concelleiros, é o que me leva a facer a crítica ao Goberno do Estado. Non son gratuítos os calificativos que empregaba na última Comisión de Contas, e na que vostedes se indignaron, porque disque insultei ao Goberno do Estado, e tamén, segundo vostedes, disque non viña a conto. E si ben a conto, porque ante o atentado á constitución que están cometendo (e digo ben, e a sabendas, porque no seu partido enchen a boca a falar da defensa da constitución), ante este atentado á autonomía local, principio básico recollido na propia constitución, vostedes non din nada. Dánse de valentes cos febles, é dicir, amosan a valentía ante os veciños, mais son

servís cos poderosos, ou con quen ocupa as institucións públicas igual que un “Comando de Exterminio”. Isto é o que podemos traducir, en termos reais, o que vostedes chaman, o “Goberno Amigo”.

E son un montón as leis que se ditaron para intervir de facto aos concellos:

- A chamada lei de Racionalización da Administración Local.
- A lei de Estabilidade Orzamentaria e sostibilidade financeira.
- O chamado dogma do déficit 0.
- As distintas leis de orzamentos do Estado.
- A Lei de educación.

Todas estas leis ditadas por ese “Comando de Exterminio” que forma o Goberno Estatal ten implicacións directas no Concello, en formas moi diversas, e que aparecen reflectidas nas presentes contas:

- Obrigaron a despedir xente deste Concello.
- Prohibiron a contratación de persoal totalmente necesario para levar a cabo tarefas esenciais para o concello.
- Dificultaron a limpeza viaria.
- Recortaron a bolsa de servizos sociais para os máis necesitados.
- Dificultan a labor da Administración local como administración “subsidiaria” e complementaria dos servizos que outra administración non presta.
- Baixaron unilateralmente os salarios dos traballadores públicos.
- Incrementaron as competencias das Deputacións Provinciais, auténticos niños de caciques.
- Incrementaron o IBI, entre outros.

E cal foi a resposta dende “abancada” popular?

A única que obtivemos como representantes do pleno era que “Son imposicións dende arriba”.

Pero é que se miramos para a “Administración Autoenémica”, as cousas son mesmamente peores. Pregóase a chamada á austeridade, á necesidade dos recortes educativos, sanitarios, en servizos sociais... Disque Galicia é solvente e paga mentres Cataluña debe... un montón de frases prefabricadas nese laboratorio de ideas no que se ten convertido a FAES, que se repiten en todos os foros, tamén neste plenario, ao igual que os loros.

E están vostedes a repetir falsidades. Un exemplo cuantificativo, do Banco de España, que non parece ser sospeitoso de ser de ANOVA, para que se dean conta:

A débeda galega sobe un 10% en 2013 e xa é máis do duplo que ao chegar Feijóo
O Banco de España certifica que a Xunta debe 9.131 millóns, 870 máis que un ano antes.

A débeda Galega pasou de 3.954 M€ no 2008 a 9.131 M€ no 2013.

Non vou facer calificativos do Sr. Núñez Feijóo; porque sei que se incomodan, e tampouco é o meu obxectivo. Non quero ofender a unha persoa con tan bo porte, e tan bo saber estar, que tanto inaugura un pazo, como vai comer o polbo, ou preside un partido de fútbol.

Mais o que si é certo que “*o de facer máis con menos*” é unha auténtica patraña, un engano, e só un indocumentado, ou alguén que premeditadamente queira mentir pode dicir tal cousa. A non ser que se viva nun “Matrix” perpetuo, ou que teñan vocación de “estupefacientes.

E en canto ao microcosmos que forma Boqueixón, coido que tamén quedou perfectamente expresado na análise da conta de Boqueixón. Seguen vostedes a facer caso omiso de recomendacións e resolucións do propio pleno da Corporación, e seguen vostedes estando secuestrados polas empresas concesionarias de Servizos Públicos. Son, como diría o meu amigo Martiño, unicamente, os “mandados dos mandados”. Mandados dun Goberno Estatal e Autoenémico que sigue os mandatos doutros mandados. E mandados ou títeres das empresas concesionarias deste concello. Baste dous exemplos:

- En canto á concesionaria do saneamento e do abastecemento de auga, con respecto a Espina & Delfín, non son capaces nin de aprobar as contas de explotación dos servizos (acta da Xunta de Goberno do pasado 4 de setembro), posto que estes datos son un auténtico fraude.
- En canto á concesionaria do servizo de axuda a domicilio, seguen vostedes cun contrato que está sendo investigado xudicialmente, que se cargou ao anterior alcalde por presuntos delitos de branqueo de diñeiro, prevaricación, fraude e exaccións ilegais, tráfico de influencias, falsidade documental e outros (Atestado de Vixilancia Aduaneira – Unidade Rexional Operativa de Galicia).

E polo demais, máis do mesmo:

- En canto aos consumos enerxéticos e de teléfono, seguen vostedes pagando relixiosamente os gastos ocasionados pola oficina de Correos.
- En canto ao selo municipal, seguen vostedes coa estafa das compulsas.
- En canto aos consumos enerxéticos do servizo de abastecemento de auga, non sabemos aínda nada.
- En canto aos consumos enerxéticos na construción do Tanatorio, cuestión exposta hai varios Plenos polo meu compañeiro de corporación o Sr. Barcala, seguen a mirar para outro lado e a dar a calada por resposta.
- Seguen facturando cantidades inxentes e sen ningún tipo de contrato coas empresas da nai/irmán dunha concelleira.

En fin, e para concluír xa:

- Estanse a cargar o mínimo estado de benestar que posuíamos, tamén nos pequenos concellos como este.
- Están sangrando á xente do Común a base de impostos e taxas. Dá a sensación cando pagamos o IBI que temos unha mansión en Melrose Place, e cando chega o recibo do coche, que temos un cadillac.
- Chegamos ao concello a discutir, a tentar chegar a acordos, e vemos que son vostedes, como diría o meu amigo Martiño, os mandados dos mandados. Os mandados das empresas concesionarias deste concello, Espina & Delfín, Casablanca, O Estudio Técnico Galego... mandados das eléctricas, mandados das telefónicas de vez, os mandados do Comando Bárbaro que ocupou a Moncloa. Mandados dos Mandados.
- Son uns zombis que están mortos (no senso metafórico e político, claro está) pero que se resisten a recoñecelo.

Funcionan como auténticas “carrachas” (Arácnido da orde dos ácaros do que existen varias especies, que se alimenta do sangue de aves e mamíferos) sociais” que están a chuchar o sangue dos veciños deste concello.

- Teñen convertido este Concello nunha especie de Casa dos Mortos de Dostoievski.

Son consciente, tamén, Sr. alcalde, que colleron vostedes as rendas deste concello por casualidade; un concello en estado de “shock traumático” e a piques de falecer. Un auténtico morto. Por iso, tal vez, que se apuraran tanto en aprobar e tramitar as obras do tanatorio, para ter un sitio onde velalo.

Boto unha vez máis man do saber popular; di a copla tradicional “Á miña casa, non quero que veñas, sempre me fodes e nunca me empreñas” e segue máis adiante dicindo “non sei se é que non podes, ou é que non sabes, ou se perdistes as habilidades”. Tómeno, claro está, en senso figurado.

A Concelleira dona Raquel García di o señor Canabal se mantén o de “carrachas”.

Responde o señor Canabal, que el só fixo unha interpretación dos datos. Dille á señora García Fraga que coa falta de respecto non demostra os datos da “Conta Xeral”.

O señor Barcala di que vota en falta unha explicación pormenorizada do concelleiro de Facenda e que lle gustaría que este concello dispuxera dun economista ou ciclo superior.

Procédese coa votación e cos votos a favor do PP e en contra do concelleiro non adscrito e do PS de G apróbase a Conta Xeral 2013

10.Mocións número 1420 do PP; número 1304 e 1702 do Concelleiro non adscrito; número 1489 do PS de G.

A) Moción número 1420 do PP para apoiar a reforma da lei electoral e promover a elección directa do alcalde

O Grupo Municipal Popular do concello de Boqueixón conforme ao previsto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte:

MOCIÓN

O artigo 140 da Constitución establece: “*A Constitución garante a autonomía dos municipios. Estes gozarán de personalidade xurídica plena. O seu goberno e administración correspóndelles aos respectivos concellos, integrados polos alcaldes e os concelleiros. Os concelleiros serán elixidos polos veciños do municipio mediante sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto, na forma establecida pola lei. Os alcaldes serán elixidos polos concelleiros ou polos veciños. A lei regulará as condicións nas que proceda o réxime do concejo aberto.*”

E dicir, a Constitución contempla a posibilidade de que os alcaldes sexan elixidos directamente polos veciños. E máis, en 1978 o goberno de Adolfo Suárez presentou un proxecto de lei de Eleccións Locais que prevía a **designación automática como alcalde do cabeza de lista da candidatura máis votada**. Polo tanto, non só establecía un sistema de elección directa, senón que a lista que contara cun maior respaldo cidadán debía asumir a responsabilidade do goberno municipal.

Aínda que esta previsión normativa non resultou aprobada, o certo é que en varios países do noso contorno, como Francia e Portugal contemplase a designación como alcalde da persoa que encabece a lista máis votada.

Así mesmo, durante o actual período constitucional houbo varias propostas o formulacións programáticas de reforma do marco electoral municipal. Así, en 1998 o grupo parlamentario socialista formulou unha proposición de lei orgánica que tiña por obxecto modificar a elección dos alcaldes.

Na Exposición de Motivos da citada norma dicíase: *“En definitiva, as razóns que xustifican a elección directa do Alcalde por todos os electores son de natureza política, é dicir, son razóns fundadas na busca dunha mellor gobernabilidade, dunha maior identificación do Alcalde cós electores e, en fin, de un reforzamento do concello como institución destinada a proporcionar servizos aos cidadáns.”*

Esta iniciativa do Grupo Parlamentario socialista propoñía cambios substanciais que afectaban á elección directa do alcalde como o establecemento dunha prima electoral para o grupo político do alcalde gañador ou unha segunda volta. Sen embargo, cando o Congreso dos Deputados foi disolto esta iniciativa lexislativa caducou.

Máis adiante, no programa electoral co que o PSOE concorreu ás eleccións Xerais do 2004, este partido volveu a formular a elección directa. de feito, esta foi a proposta estrela ao inicio da redacción do Libro Branco, para a reforma do réxime local que, como tantas outras do goberno Zapatero, foi incumprida.

Por outra parte, no programa electoral co que o PP concorreu ás eleccións Xerais do 2011, e nas que contou cun notable apoio cidadán, xa se di que: *“Promoveremos a reforma do sistema electoral municipal para respectar a vontade maioritaria dos veciños garantindo, ao mesmo tempo, a estabilidade dos concellos.”*

Unha reforma electoral que permita aos cidadáns elixir directamente ao alcalde, personificando máis a súa elección. Ao permitir que a máxima responsabilidade municipal recaia sobre o cabeza de lista da candidatura máis votada.

Polo tanto, desde este grupo municipal consideramos que debe reforzarse a lexitimidade popular e representativa dos alcaldes, facilitando a gobernabilidade, garantindo a estabilidade durante o mandato electoral e posibilitando o cumprimento do programa electoral proposto aos cidadáns.

Por todo elo, elevamos ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Manifestar a vontade desta corporación Municipal de que se adopten as modificacións legais oportunas que garantan o respecto a vontade maioritaria dos cidadáns e a estabilidade do concello, de tal maneira que o cabeza de lista máis votada nas eleccións Locais sexa elixido alcalde”.

O señor Canabal di o seguinte: “Teño que manifestar que me sorprende que o PP de Boqueixón presente esta moción.

Podo entender o interesado debate que o PP tenta con esta medida, que ao fin non se atreverá a levar a cabo. Pero pensei que aquí, non se ían atrever nen a presentala. Mais tratándose de cuestións subrealistas, vostedes nunca defraudan.

Vou a ser moi breve, porque xa dixen, resulta incluso absurdo debater o que vostedes prantexan. Fágoo en dous niveis, a nivel xeral, e nun nivel local.

Razoamentos a nivel xeral.

- Xa dixen que esta é unha moción propagandística do PP que o PP non se atreverá a levar a cabo, porque sabe que se convertería nun auténtico fraude democrático.
- Mais tamén é certo que ao presentar esta moción o PP amosa catro eivas:
 - En primeiro, a falla dun fervor democrático.
 - En segundo, a absoluta carencia de entenderse, aínda que sexa minimamente, coas demais formacións políticas.
 - Terceiro, o medo que lle produce ao PP que poidan perder importantes alcaldías en favor doutras formacións políticas.
 - Por último, manter unha estratexia política de desgaste sobre o PSOE, para que manfeste que non se coaligará con outras formacións políticas.

A nivel local.

Compre ser atrevidos presentar esta moción nun concello onde o seu alcalde é nin máis nin menos que o sexto da lista electoral; nin o primeiro, nin o segundo... senón o sexto; é dicir, seguindo co argumento da súa propia moción, vostede é un “Alcalde Ilexítimo”. É máis; facendo unha segunda lectura da moción, pode chegar a concluírse que no caso concreto de Boqueixón, tería que ser eu, como cabeza de lista da segunda forza con maior número de votos, o que tería que ter sido o alcalde desta corporación, unha vez pasado o que pasou.

Conclusión

En fin, non teño gañas de darlle máis voltas o asunto, porque poden ver que esta moción é certamente subrealista.

Mais para rematar, xustificar a designación do alcalde como o cabeza de lista da candidatura da lista máis votada para unha mellor gobernabilidade, dunha maior identificación do alcalde cos electores e, en fin, dun reforzamento do concello como institución destinada a proporcionar servizos aos cidadáns, ven sendo algo insultante para un veciño do común. Porque podemos ver, poño por caso, a estabilidade do caso do Concello de Santiago (con maioría absoluta) e tres alcaldes, este último ía pechando a lista do PP. Por poñer un exemplo próximo.

Ademais dicir, como se manifesta na moción, e disque no programa do PP, que “Promoveremos a reforma do sistema electoral municipal para respectar a vontade maioritaria dos veciños garantindo, ao mesmo tempo, a estabilidade dos concellos” é tanto como non dicir nada. Ou quere isto dicir que o goberno actual de Boqueixón é ilexítimo e antidemocrático?

Forzar a elección do alcalde como o cabeza da lista máis votada e sen dicir como facelo, é, en primeiro lugar claramente antidemocrático, sobre todo nun sistema de multitude de forzas políticas como é o caso Estatal. E en segundo, é tanto como non dicir nada.

Por iso con moita educación solicito aos concelleiros do PP que retiren esta moción, por tratarse dunha iniciativa subrealista”.

O señor Barcala di que resulta curioso, sobre todo neste concello, que apoiem a elección do cabeza de lista máis votado nas eleccións municipais.

Supoño que aquí tamén predicarán vostedes co exemplo.

Refírome o cambio de alcalde que se produciu fai dous anos neste concello. O que lle correspondería ser alcalde sería según vostedes o número dous da lista máis votada, e que cousa máis rara que non foi o número dous nin o número tres nin o catro nin o cinco senón que foi nin máis nin menos que o número seis, e aínda houbo sorte porque parece ser que querían vostedes poñer ó número vinte e un da lista. Con Isto xa teño explicado a miña opinión sobre esta moción e tamén o meu sentido do voto.

Conclusión: non queiras para outros o que non queredes para ti.

O señor alcalde di que o partido socialista xa levaba no seu programa esta reforma.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor do PP e en contra do concelleiro non adscrito e do PS de G apróbase esta moción do grupo popular do Concello de Boqueixón para apoiar a reforma da lei electoral e promover a elección directa do alcalde.

B) Moción número 1304, do Concelleiro non adscrito, sobre á revisión das ponencias de valores catastrais

Xabier Canabal Fernández, en calidade de concelleiro da Corporación de Boqueixón e ao abeiro do disposto na Lei de Bases de Réxime Local, e nos regulamentos que a desenvolven, presento ao Pleno da Corporación do Concello de Boqueixón a seguinte

MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

1.- A **Sentenza do Tribunal Supremo do pasado 30/05/2014** (rec. 2362/2013) pola que se desestima o recurso de casación en interese de lei formulado polo Estado e se confirma a sentenza de instancia, ratifica o fallo de que o solo urbanizable non pode ser catastrado como urbano en tanto en canto non teña aprobado o instrumento de desenvolvemento de ordenación detallada, concluíndo nun dos seus fundamentos xurídicos que *"... a efectos catastrales sólo pueden considerarse suelos de naturaleza urbana el suelo urbanizable sectorizado ordenado así como el suelo sectorizado no ordenado a partir del momento de aprobación del instrumento urbanístico que establezca las determinaciones para su desarrollo. Antes de ese momento el suelo tendrá, como dice la sentencia recurrida, el carácter de rústico"*.

2.- Aínda que a sentenza refírese a un suposto de ponencia de valores e liquidación do IBI (imposto de bens inmobles) dun concello de Extremadura, a súa fundamentación e conclusión xurídica é extensible ao conxunto do Estado, en tanto en canto é a lexislación básica estatal do catastro inmobiliario a que viña amparando a consideración (e valoración e pago) como urbanos de terreos que, con independencia da súa clasificación urbanística como urbanizables seguen en situación básica de solo rural, ao non ter sido transformados urbanisticamente. Para o Supremo, e con toda corrección, un terreo rústico segue en situación de solo rural a efectos de valoración catastral, con independencia da clasificación atribuída polo planeamento xeral, e ata que se aprobe o instrumento de ordenación detallada.

En consecuencia, a efectos da Galiza, a conclusión do Supremo é que o solo urbanizable, tanto delimitado como non, segue sendo rústico mentres non se aprrobe o plan que o desenvolva (Plan Parcial ou Plan de Sectorización, respectivamente).

3.- **Esta sentenza** bota por terra as ponencias de valores , e con elas os VC e o IBI, de moitos concellos que consideraban a efectos catastrais como urbanos terreos clasificados como urbanizables polo planeamento xeral, sen terse aprobado o plan de ordenación detallada. Ponencias de valores (e liquidacións do IBI) que, de acordo co Supremo, incorren en ilegalidade.

Procede, por tanto, que en aplicación da doutrina do Tribunal Supremo se proceda a revisar de oficio as ponencias de valores, así como a modificación da propia normativa legal ao respecto (Lei do Catastro Inmobiliario, art. 7.2).

Modificacións ambas que, ao facerse efectivas, repercutirán na recadación impositiva municipal (en especial no IBI, pero tamén no Imposto de Incremento de Valor dos terreos de natureza urbana), razón pola cal resulta obrigada a súa compensación económica mediante o incremento da achega estatal á facenda municipal a través da participación nos ingresos do Estado.

Por todo o exposto anteriormente é polo que solicito do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes acordos:

1.-O Concello de Boqueixón insta ao Ministerio de Facenda - Dirección Xeral do Catastro á revisión de oficio das ponencias de valores, tanto das aprobadas como das en trámite, para axustar a clasificación catastral á doutrina contida na STS de 30 de maio de 2014.

2.- O Concello de Boqueixón insta ao goberno do Estado á modificación da Lei do Catastro Inmobiliario (RDL 1/2004) aos efectos de excluír do art. 7.2 os terreos clasificados como urbanizables mentres non contén con instrumento de planeamento de ordenación detallada.

3.- O Concello de Boqueixón insta ao Ministerio de Facenda a compensación económica aos concellos da perda de recadación como consecuencia da aplicación efectiva das medidas anteriores.

O señor Barcala di que está de acordo. Así mesmo o grupo popular acepta esta moción. Polo que queda aprobada por unanimidade a moción presentada polo Concelleiro non adscrito relativo á revisión das ponencias de valores catastrais.

C) Moción número 1702, presentada polo concelleiro non adscrito , relativa o mantemento do servizo de Rexistro Civil os Xulgados Municipais”.

Xabier Canabal Fernández, en calidade de concelleiro da Corporación de Boqueixón e ao abeiro do disposto na Lei de Bases de Réxime Local, e nos regulamentos que a desenvolven, presento ao Pleno da Corporación do Concello de Boqueixón a seguinte

MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A prevista reforma do rexistro Civil pon de manifesto a intención do Ministerio de Xustiza de eliminar os Rexistros Civís dos xulgados municipais para pasar a ser competencia dos Rexistros da Propiedade. Isto significa poñer importantes trabas á veciñanza para acceder a un servizo que con frecuencia utilizan por necesidades ou obrigacións administrativas; solicitudes de trámites diversos relacionados con nacementos, filiación, defunción, matrimonio, etc...

Deste xeito, afastaríase dos pequenos Concellos, como o noso, os Rexistros Civís, provocando un trastorno por ter que desprazarse a cidades de maior poboación e un prexuízo económico, polos gastos de desprazamento e porque os Rexistros da Propiedade cobrarían por este servizo, vulnerándose así os dereitos de gratuidade e de servizo público universal.

Esa intención de eliminar os Rexistros Civís traerá probablemente a desaparición dos Xulgados de Paz dos concellos máis pequenos, a pesar das importantes funcións que realizan: consultas, conciliacións xuízos de faltas..., volvendo a producir os mesmos trastornos que supón a eliminación dos rexistros Civís ademais de saturar os xulgados polas competencias que ven realizando os Xulgados de Paz de xeito habitual.

Polo tanto, a desaparición dos xulgados e rexistros dos concellos pequenos sería un grave prexuízo para a nosa veciñanza, pois a través destes organismos resolven moitas das súas necesidades e problemas cotiás dun xeito fácil e próximo, esquecendo así o noso obxectivo de progreso, que non é outro que **acercar a administración ao cidadanía**.

Por todo o exposto anteriormente é polo que solicito do Pleno da Corporación municipal adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Instar a Xunta de Galicia para que demande do Goberno do Estado Español o mantemento do Rexistro Civil nos xulgados de todos os concellos para garantir os dereitos da cidadanía a un servizo universal, público e gratuíto.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, a Presidente do Goberno do estado Español e ao Ministerio de Xustiza.

En canto a esta moción o señor Alcalde di que según noticias recibidas do seu grupo, esta reforma non seguirá para diante e polo tanto os Rexistros seguirán igual.

O señor Canabal di que sendo así, retira esta moción.

D) Moción número 1489, presentada polo PS de G , relativa a defensa dos Rexistros Civís e en contra da privatización do servizo.

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Boqueixón desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno que preside Mariano Rajoy vén de aprobar no Consello de Ministros do pasado venres día 4 de xullo o "*Real Decreto Lei 8/2014 de Aprobación de*

Medidas Urxentes para el Crecemento, la Competitividade e a Eficiencia", o cal xa foi publicado no Boletín Oficial do Estado (BOE) ao día seguinte. Este Real Decreto, entre outras medidas de interese como a regulación dos horarios e a apertura nos comercios, os límites as taxas nos pagos en comercios con tarxetas de crédito, a privatización de AENA e as tarifas aeroportuarias, a liberación dos prezos enerxéticos, a regulación dos drones, etc. tamén regula a competencia do Rexistro Civil, que pasará a ser responsabilidade dos rexistradores que teñan ao seu cargo as oficinas do Rexistro Mercantil.

Ata o de agora a expedición de certificacións rexistrais realizábanse na súa maioría de maneira directa nas dependencias dos Rexistros Cívís ou nos Xulgados de Paz nas propias localidades, é dicir o servizo prestábase de xeito directo e inmediato (agás aquelas que precisaban ser apostiladas polo Tribunal Superior de Xustiza, ou aquelas outras que se estendían sobre documentos doutros países).

Ademais o Real Decreto 812014 establece na súa Disposición adicional décimo novena sobre a Prórroga da entrada en vigor da Lei 20/2011, que regula o Rexistro Civil, que a data límite para a aplicación do disposto será o día 15 de xullo de 2015. Polo que tras a decisión por parte do goberno de Mariano Rajoy de entregarlle o Rexistro Civil aos Rexistradores Mercantís supón que os nosos veciños terán que desprazarse a unha cidade na que exista Rexistro Mercantil para realizar os trámites relativos aos expedientes rexistrais ou outra certificación que precisen, o cal ocasionará outro trastorno e dificultade a maiores para os e as cidadás, aos que cada día se lle infrinxen máis castigos por parte do goberno do Partido Popular poñéndolle constantes trabas e obstáculos para poder achegarse á administración. Está claro que o Goberno de presidente Rajoy e o ministro Gallardón con esta modificación só conseguen afastar un servizo público da sociedade e crearlle un custe adicional aos cidadáns.

Este é un paso para a privatización do Rexistro Civil, posto que os Rexistradores Mercantís, a pesares de ser funcionarios públicos do estado, actúan como empresas privadas, xa que os seus ingresos non proceden dos Presupostos Xerais do Estado, senón dos aranceis que lle cobran aos seus clientes, e polo tanto son a todos os efectos empresas privadas que ademais actúan como tales. A Disposición Adicional vixésimo segunda di que se creará unha "*Corporación de Dereito Público*", a encargada da contratación, xestión, mantemento, conservación e actualización do sistema informático que xestionará e almacenará os datos de todas as oficinas do Rexistro Civil. Esta "*Corporación de Dereito Público*" terá personalidade xurídica propia e plena capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins, e estará formada polos rexistradores que en cada momento resulten responsables da levanza dos Rexistros Cívís e Mercantís. Polo que, os datos de millóns de persoas se poñerán en mans de empresas privadas que se encargarán de xestionalos e custodialos.

A este entorpecemento e privatización do servizo hai que engadir os miles de postos de traballo que se destruírán, xa que os sindicatos denuncian a incerteza dos 2.500 funcionarios que traballan nos Rexistros Cívís de toda España, aos que hai que sumar o risco de perda do emprego para outros 2.500 interinos que traballan nos xulgados e tribunais.

En definitiva, o Real Decreto 8/2014 supón a defunción do servizo público que era o Rexistro Civil de tal xeito que, a partir de agora, un acto como a inscrición dun

nacemento, unha defunción, un matrimonio, unha separación, un divorcio ou cambiar o nome e os apelidos va; a significar un novo atranco para a cidadanía por culpa dun goberno que só pretende destruír e rematar co servizo público da xustiza. Porque a esta decisión hai que sumarlle as desgraciadas medidas da Lei de Taxas e os recortes na Xustiza Gratuíta coa cal se impedía o acceso a centos de miles de persoas ao sistema xudicial, ademais de crear unha desigualdade ao convertela nunha xustiza para ricos. E posteriormente coa Lei Orgánica do Poder Xudicial que definitivamente arrasará coa xustiza de proximidade.

Pero o peor de todo é que esta modificación dos Rexistros Civís se agoche nun Real Decreto Lei de 170 páxinas, no que se abordan cuestións que afectan a oito ministerios, e que a parte sobre a privatización dos Rexistros apareza tan unicamente en seis disposicións adicionais e unha final, y só en seis parágrafos da exposición de motivos que ten una extensión de 30 páxinas; -ademais de orixinar as protestas, non só dos grupos políticos da oposición, senón tamén de sindicatos, colectivos de xuíces e secretarios xudiciais e incluso do propio Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís porque foi imposto sen ningún de diálogo nin negociación.

Por todo o anteriormente exposto é polo que solicitamos:

1. Instar ao Goberno de España a que elimine as Disposicións Adicionais décimo novena, vixésima, vixésimo primeira, vixésimo segunda, vixésimo terceira, vixésimo cuarta e a Disposición Final 8 do *"Real Decreto Lei 8/2014 de Aprobación de Medidas Urxentes para el Crecemento, a Competitividad e a Eficiencia"* pola que se modifica a Lei 20/2011, de 21 de xullo, do Rexistro Civil.
2. Dar traslado do presente acordo a todos os grupos con representación no Congreso do Deputados”.

Polo mesmo que a anterior, retírase esta moción.

11. Información da Alcaldía

Dáse conta dos decretos que tiveron lugar desde o desde o 8/7/2014 ata o 22/9/2014, do que se dan por informados.

12. Rogos e Preguntas

Faise entrega ó señor Canabal da seguinte contestación á pregunta formulada na anterior sesión plenaria ordinaria que quedara sen contestar:

“1. Quixera que o señor alcalde me dixera que trámites leva feitos a día de hoxe, se é que fixo algún, en relación coa dotación de liñas de ADSL a todas as parroquias, especialmente á de Lestedo que é a máis poboada e a que peor cobertura ten”.

Responde o señor alcalde:

“Sí nos consta a data actual a existencia de queixas polo mal funcionamento da liña de ADSL na parroquia de Lestedo.

Mantivéronse conversas coa empresa Telefónica de España SAU, Operadores de Telecomunicaciones, a cal respondeu sempre que “están estudando o problema para tentar arranxalo”.

Así mesmo remitíronse escritos á citada empresa e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), co fin de solucionar a problemática existente na maior brevidade posible”.

A continuación o señor Barcala fai os seguintes rogos:

1. -Que se faga unha nova petición a TELEFÓNICA DE ESPAÑA na que se solicite o cableado de fibra óptica para a parroquia de Lestedo e as restantes do concello. Enviáronlle vostedes un escrito con data 10 de setembro de 2014 e número de rexistro de saída 14/818, no que lle solicitaban a Telefónica de España o aumento da banda ancha (ADSL) para as parroquias que carecían deste servizo no concello e especialmente á máis poboada, Lestedo. Pero esquecéronse vostedes de solicitarlle a instalación de fibra óptica, que é o máis moderno para solucionar este problema.

Vexo que por fin, e a base de insistir vou facendo algo do que levo tempo reclamando. Dille o señor Alcalde que, concretamente, no Centro de Saúde de Lestedo xa o van facer.

2. -Que se revisen as beirarrúas, senda peonil neste caso, que se acaban de facer en Villalapaz, porque antes de rematar a obra, xa están partidas. Rompeu o formigón en dúas entradas de leiras.

A este respecto o día 3 de setembro ten entrada no concello a certificación número un de dita obra, por importe de 26.576,52 €, acompañada da correspondente factura. Rogo non se pague a factura mentres a obra non estea debidamente feita e se revise a correspondente certificación.

Dille o señor alcalde que iso é certo e que haberá que requirirllelo á empresa ou a quen as esnaquizou.

3. Rogo o señor alcalde nos facilite as claves da wifi do concello para dispoñer de internet no salón de plenos.

Actualmente o Concello de Boqueixón non ten wifi. De todas formas estudarase a posibilidade de conexión a internet, coa empresa que leva o mantemento informático do concello.

Sen máis, asuntos que tratar, o Presidente remata a sesión e eu redacto a acta como Secretaria.

A Secretaria

Visto e Prace
O Alcalde